

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA



MEMORIA ANUAL

Ano 2009

Índice

1.- PRESENTACIÓN.....	2
2.- O ARQUIVO PROVINCIAL.....	4
2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións	4
2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial.	5
3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.....	11
3.1.- Ingresos Ordinarios.....	11
3.2.- Ingresos Extraordinarios.....	11
3.3.- Ingresos e volume total.	13
4.- SERVIZO DE CONSULTA.....	14
4.1.- Servizos internos.....	14
4.2.- Servizos externos	14
5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.....	16

1.- PRESENTACIÓN.

En Galicia, a primeira Deputación constitúese o 19 de marzo de 1813, presidida polo marqués de Campo Sagrado, contando cun vicepresidente e sete vogais representando as sete cidades capitais das antigas provincias.

O nacemento da provincia como entidade local con vida propia data da Constitución de Cádiz, aprobada no ano 1812, que estableceu por vez primeira no seu artigo 325 unhas institucións, as deputacións provinciais, concibidas como órgano reitor de cada unha delas, presididas polo xefe superior e con funcións básicas de control e vixilancia da administración dos lugares que integran aquela.

Haberá que esperar até o decreto das Cortes de 27 de xaneiro de 1822 para que se plasme unha nova división provincial que divide a Galicia nas catro provincias actuais, con pequenas variacións, asignándose a capitalidade da provincia actual á Vigo, onde se constituirá a Deputación Provincial o 24 de maio de 1822, chegando a funcionar algo máis dun ano, data na que volven ser suprimidas pola restitución do rei Fernando VII.

Co decreto de 30 de novembro de 1833, inspirado por Javier de Burgos, iníciase o proceso definitivo que culmina coa restitución das catro provincias galegas actuais e a constitución das Deputacións actuais, sendo o 12 de febreiro de 1836 cando se constitúe definitivamente a de Pontevedra, logo de certas disputas coa cidade de Vigo, reticente a perder a capitalidade.

Desde o ano 1836 até hoxe, a Deputación vén desempeñando con total continuidade un amplo abano de funcións e actividades, que foron variando de acordo coa lexislación aplicable en cada momento. Inicialmente, a Constitución de Cádiz asínjalles as funcións de aprobar os repartimentos das contribucións dos pobos da provincia, velar polo axeitado investimento dos fondos públicos, coidar o establecemento dos concellos, propoñerlle arbitrios ó Goberno, promover a educación, a agricultura e a industria, formar o censo e a estatística provincial, coidar dos centros benéficos e dar conta das infraccións que xurdan na provincia.

A lexislación actual asínjalles as competencias propias de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a súa prestación adecuada; a asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos; a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal e, en xeral, o fomento dos intereses particulares da provincia.

Este cúmulo de xeneralidades que se vén mantendo en toda a lexislación local provocou unha serie de actuacións moi diversificadas, das que quedarán moitos testemuños documentais e que se reflicten no cadre de clasificación do fondo documental desta institución.

As modificacións alcanzaron tamén a propia organización da institución e a designación, competencias e denominación dos seus órganos de goberno e órganos administrativos.

O órgano unipersonal que dirixe a Deputación é inicialmente o xefe político, antecedente directo do gobernador civil, sendo o primeiro presidente desta institución D. Miguel del Pino. En 1863 establecése que a Corporación elixa entre os seus membros un presidente para cada sesión, pero logo o sexenio revolucionario volve á figura do gobernador civil- presidente de facto. Será a lei de 1870 a que estableza a figura do presidente para un período de sesións, sendo nomeado polo propio gobernador civil ou pola Corporación dependendo do momento. Con posterioridade, na maior parte das ocasións será o gobernador o que nomee directamente ó Presidente e non será até o ano 1950 cando apareza a figura do presidente da Deputación como órgano diferenciado e independente do gobernador civil, que aínda así e todo permanecerá como presidente nato da institución até 1978. No período democrático o presidente é un órgano electo, de forma indirecta, entre e polos deputados provinciais.

Nun principio o número de deputados que integraban o Pleno da Corporación era de sete, un por partido xudicial, variando sucesivamente tanto a fórmula de elección coma o número total destes, alcanzando na actualidade un total de 27 deputados, como representación proporcional ó número de habitantes dos 13 partidos xudiciais.

Esta estrutura complétase con outros órganos colexiados estables, ademais das variables comisións informativas e especiais creadas en cada período.

2.- O ARQUIVO PROVINCIAL.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico insírese no organigrama da Deputación de Pontevedra como órgano encargado da planificación e desenvolvemento das actuacións relacionadas co patrimonio documental e bibliográfico, resultado do natural das actuacións do Arquivo e da Biblioteca e coa finalidade básica de difundir a información e a cultura.

A súa formulación organizativa inclúe tres grandes áreas de actuación: Patrimonio Documental, Patrimonio Bibliográfico e Editorial.

No relativo ao Patrimonio Documental conta con dúas seccións:

1.-Arquivo da Deputación: a súa función básica consiste en recoller, organizar e servir a documentación producida polos propios organismos da Deputación e aqueloutros fondos recibidos por vías e causas diversas (compras, doazóns...).

2.-Patrimonio Documental Provincial: encargado da información e asistencia técnica permanente en todo o que atinxe ao patrimonio documental existente na provincia de Pontevedra, especialmente aquel ligado ás entidades locais segundo a función legal atribuída ás deputacións para lles proporcionar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos.

O Patrimonio Bibliográfico xestiona o fondo bibliográfico xurdido a partir dunha política de adquisicións, doazóns e intercambio bibliográfico de monografías referidas á provincia de Pontevedra e a Galicia. Conta ademais entre as súas funcións a da salvagarda e divulgación do patrimonio cultural inmaterial deste territorio. Conta na súa organización coas seccións de monografías de Galicia, hemeroteca, cartoteca, fondos sonoros e musicais, fondo gráfico e fondo audiovisual.

A Editorial ten a función de darlle forma e funcionalidade á política desta Deputación no que respecta á edición e difusión das publicacións periódicas e dos fondos bibliográficos, nace o Servizo de Publicacións en 1986, que dispón dunha ampla gama de obras editadas, froito dunha coidada selección de coleccións e campos temáticos.

2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións.

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase inicialmente, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece até 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación, amén dun espazo no propio Pazo destinado á recepción documental transferida, ocupa o edificio situado entre as rúas Pai Amoedo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores. No ano 2005 iniciase o proceso de restauración completa coa intención de dedicar a totalidade da edificación para as instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

No ano 2008 inaugurouse esta nova sede logo da reforma integral do edificio, o que proporciona unhas instalacións modernas e amplas, axeitadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destacaba o resalte da edificación mediante unha fachada na que se promociona a parte central, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, combinando cobre e pedra, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, da como resultado unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais, cunha superficie de 1.100 m², nos que se instala os equipamentos necesarios para a súa específica función, todos eles con estante compacto.

Na planta baixa dispone un gran patio distribuidor central, algúns despachos e zonas de servizos comúns, coma o salón de usos múltiples.

Nas plantas superiores distribúense as zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca, gabinete de normalización lingüística e editorial, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

FONDOS:

1.- Fondo Deputación de Pontevedra (1708-Actualidade)

O fondo organizouse seguindo un criterio de clasificación orgánico-funcional, co resultado do actual cadre de clasificación, artellado arredor de catro seccións, referidas sucesivamente a xestión dos órganos de goberno colexiados e unipessoais, o funcionamento administrativo, a xestión de servizos e, por último ó control e xestión orzamentario. Cada unha destas seccións subdivídese en subseccións e estas en series e subseries, atendendo á variedade da tipoloxía documental e ás series existentes.

E así no Fondo da Deputación merecen destacarse, entre outros, os documentos que reflecten a creación e modificación dos diferentes concellos que integran a provincia, por ser este un proceso no que sempre interveu a Deputación; así como os libros de actas dos órganos colexiados, mantendo a secuencia cronolóxica desde o período de sesións inicial (acta de constitución da Deputación de 12 de febreiro de 1836).

Por outra parte, o fondo inclúe algunha documentación anterior á creación da Deputación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores, destacamos as seguintes series:

- Expedientes de división territorial desde 1833
- Expedientes de camiños, estradas e fontes desde 1830
- Expedientes de visitas as Devesas Reais e Plantíos desde 1748
- Expedientes de quintas desde 1834
- Expedientes de sanidade desde 1833
- Expedientes de beneficencia desde 1786
- Expedientes de educación desde 1834
- Expedientes de Contadoría de propios e arbitrios desde 1759 a 1856, referida ó control económico dos cotos, xurisdicións e concellos

2.-Casa Porto-Briallos (1516-1894): 7 unidades de instalación; 598 agrupacións documentais.

Importante fondo documental con abundantes testemuños dos séculos XVI e XVII. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

3.-Unión de Xornalistas de Pontevedra (1982-1985): 3 unidades de instalación; 12 agrupacións documentais.

A pesar de ser un fondo pouco voluminoso, tanto as actas coma a documentación dos seus afiliados pode ter certo interese para o coñecemento deste colectivo profesional. Ademais da documentación consérvanse así mesmo cuños, anagramas, diplomas e unha placa conmemorativa.

4.-Xunta Provincial de Ordenación Económico-Social (1941-1961): 15 unidades de instalación; 346 agrupacións documentais.

É unha interesante documentación para estudar as necesidades básicas dos municipios que se traduce documentalmente en enquisas, estatísticas e correspondencia que reflicten as carencias destes anos da posguerra na provincia. Acheigan información sobre poboación, infraestruturas e fundamentalmente sobre o paro obreiro.

5.-Colección Gaspar Massó (1535-1982): 1 unidad de instalación; 16 agrupacións documentais.

A documentación foi reunida por Gaspar Massó para os seus estudos sobre Pedro Madruga e a familia Sotomayor, relacionada coa familia Caamaño, que asume o Condado de Maceda. O seu maior interese é a achega de xenealoxías.

6.- Xunta de Axuda a Municipios (1945-1965): 99 unidades de instalación; 2.284 agrupacións documentais.

Información relativa ás obras realizadas nos diversos concellos, pero o más interesante deste fondo son as fotografías conservadas nos expedientes, que nos deixan constancia de pontes, lavadoiros, fontes, casas dos concellos, camiños e centros rurais de hixiene.

7.-Instituto Nacional de Colonización (1946-1966): 22 unidades de instalación; 1.211 agrupacións documentais.

Documentación de trámite sen maior interese histórico, comprende expedientes de tres clases: subvencións, anticipos e auxilios técnicos para pequenas obras no rural.

8.-Familia Malvar (1512-1877): 15 unidades de instalación; 408 agrupacións documentais.

Contén basicamente documentación relacionada coa evolución familiar, co cobro de rendas e coas propiedades e casas da familia localizadas nas actuais catro provincias galegas. Estas son as casas de Vilerma e Eiroas na provincia de Ourense, a casa da Touza na de Pontevedra, a de Toiriz en Lugo e as de Perascal, Noia e Xallas na Coruña.

Ten grande importancia histórica para estudiar as xenealoxías e a historia económica dos séculos XVI e XVII coa súa complicada rede de aproveitamento e xestión.

9.-Familia Mosquera (1674-1961): 1 unidade de instalación; 125 agrupacións documentais.

Contén información sobre foros e modificación do patrimonio familiar de interese para o estudo da historia económica de Galicia.

10.-Familia Caamaño (1411-1895): 138 unidades de instalación con 3.574 agrupacións documentais.

Moi interesante non só para a investigación xenealóxica senón tamén pola abundante información sobre a historia económica, a transmisión da propiedade e a administración do patrimonio no ámbito xeral de Galicia pois abarca as catro provincias. A documentación relativa a preitos é importantísima pola amplitude cronolóxica e refírese basicamente a cuestións patrimoniais e á sucesión de morgados e vínculos, das cales a más importante é a que produce o marquesado de Vilagarcía entre os séculos XVIII e XIX. Comprende documentación de varias casas e familias que por agregación converxen na familia Caamaño.

11.-Xunta Provincial de Electrificación (1954-1973): 33 unidades de instalación; 387 agrupacións documentais.

Información sobre a paulatina electrificación da provincia.

12.-Servizo Nacional de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais (1834-1985): 155 unidades de instalación con 810 agrupacións documentais.

Documentación de gran interese para os estudos de temática local xa que recollen acordos, visitas de inspección, queixas, reclamacións contra actuacións dos concellos e incluso orzamentos carcerarios.

13.-Padroádego de Vivendas de Funcionarios (1950-2006): 13 unidades de instalación; 100 agrupacións documentais.

Contén antecedentes dun padroádego de vivendas patrocinado polo Concello de Tui coas datas 1936-1964. Destaca a documentación relativa a construcción do edificio da Alameda.

14.-Gota de Leite (1931-1937): 3 unidades de instalación; 5 agrupacións documentais.

Este escaso fondo contén basicamente información sobre a posta en funcionamento da institución e cuestións de contabilidade.

15.-Inclusa Provincial (1773-1958):122 unidades de instalación (71 libros de rexistro e 52 unidades de instalación); 2949 agrupacións documentais.

Ten un grande interese para o estudio da realidade social da infancia, para a busca de biografías familiares e para o estudio histórico e social da cidade de Pontevedra desde o último terzo do século XIX e primeira metade do XX.

16.-Hospicio (1829-1979): 188 unidades de instalación (96 libros de rexistro e 92 unidades de instalación) con 1.254 agrupacións documentais.

Ten grande interese para o estudo da situación social da provincia. Derivada da función de beneficencia e asistencial propia das deputacións e pola súa vinculación económica con ela, estes fondos estiveron sempre baixo a custodia do organismo provincial.

17.-Familia Domínguez Sánchez (1650-1963): 2 unidades de instalación; 178 agrupacións documentais.

Constitúe un importante fondo documental para poder estudiar a propia familia e a súa xestión patrimonial . A maior parte alude ó aproveitamento económico das propiedades de Vicente Domínguez Vidal, o seu fillo Juan Domínguez Sánchez e o sogro Álvaro Sánchez. Contén tamén documentación relativa ó escribán Antonio Durán de Castro, veciño das Neves.

18.-Asociación da Prensa de Vigo (1930-1995): 82 unidades de instalación con 506 agrupacións documentais

Constitúe un importante fondo documental para poder estudiar a realidade dos protagonistas da prensa viguesa, especialmente no relacionado coa “Hoja del Lunes”.

Destacan neste fondo a documentación referida ás actuacións dos órganos de goberno (Xunta Directiva e Asemblea Xeral) así como a derivada das relacións coas diferentes asociacións nacionais. Tamén é de interese o control dos socios así como toda a referida a un variado conxunto de actividades que desenvolveu a asociación desde 1949.

19.-Familia Nores (1610-2005): 2 unidades de instalación; 18 agrupacións documentais.

Colección documental variada da Familia Nores, especialmente de D. Narciso Nores Salgado e o seu fillo, D. Agustín Nores Patiño, relacionada tanto coas súas propiedades e actuacións familiares coma coa súa actividade empresarial no sector conserveiro, na contorna da vila de Marín.

20.-Augusto Bárcena Saracho (1631-2013): 31 unidades de instalación con 142 agrupacións documentais

Este fondo está composto por diversos documentos de índole xenealóxica e relixiosa así como de carácter notarial pertencentes á Familia Bárcena Saracho. Ademais, inclúense series documentais compostas por documentación varia relacionada co terreo Sobral, tales como cartas, recibos e outra documentación, ademais de correspondencia, fotografías, postais, revistas e outra documentación de carácter persoal pertencente aos diferentes membros da Familia Bárcena Saracho.

21.-Marqueses de Leis (1502-2009): 9 unidades de instalación; 273 agrupacións documentais.

Contén información interesante para o coñecemento da historia económica, transmisión de propiedades e administración do patrimonio no ámbito local de Pontevedra maiormente, con referencias a outros lugares da provincia nos que a familia posuía propiedades e cobraba rendas.

22.-Ateneo de Pontevedra [1966-2008]: 10 unidades de instalación ; 45 agrupacións documentais.

Documentación sobre o funcionamento do Ateneo de Pontevedra, especialmente entre o 1990 e o 2007, con especial referencia aos actos e actividades culturais e a contabilidade. Inclúe tamén o regulamento de 1966, correspondencia dos anos noventa e un libro de rexistro de socios de 1966 a 1988.

3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.

A transferencia ou remisión de fondos é o conxunto de procedementos mediante os que os documentos son remitidos dunha fase a outra de arquivo seguindo o denominado ciclo de vida dos documentos. Desta forma, os documentos son transferidos desde os arquivos de oficina ao arquivo intermedio e, desde este ao arquivo histórico, en función dun calendario previamente establecido. Alén da transferencia ordinaria procedente dos distintos servizos da institución, tamén existen as transferencias ou ingresos extraordinarios que son aqueles que se realizan de forma ocasional e sen prazo determinado.

3.1.- Ingresos Ordinarios.

Servizos/seccións	Volume/Unidades
Intervención	491
Tesouraría	3
Secretaría Xeral	28
Asesoría Xurídica	2
Cultura	82
Cooperación	123
Acción Social	113
Infraestruturas	252
Presidencia	26
Recursos Humanos	235
Servizo Agrario	7
Patrimonio Documental	5
Contratación	83
Rendas	66
TOTAL	1.594

3.2.- Ingresos Extraordinarios

O ingreso de documentos por transferencias extraordinarias se produce de forma ocasional, sen prazos determinados nin periodicidade algunha; ao contrario, dependen de numerosas continxencias.

Este ano tivemos tres ingresos deste tipo correspondentes a fondos privados:

Servizos/seccións	Datas extremas	Volume/Unidades
Fondo Augusto Bárcena Saracho	1631-2009	31
Marqueses de Leis	1502-2009	9
Ateneo de Pontevedra	1966-2008	10
TOTAL		50

→ O fondo Augusto Bárcena Saracho, que forma o fondo 20 do Arquivo da Deputación, está formado por 31 unidades de instalación con 160 agrupacións documentais. O ingreso prodúcese por cesión de José Bárcena Guzmán, continuada pola súa viúva Julia Sáez Angulo en marzo de 2009. O cadre de clasificación é o seguinte:

1.- FONDOS XERAIS:

- 1.1.- Documentos xenealóxicos e relixiosos
- 1.2.- Documentos notariais
- 1.3.- Recibos, cartas e documentación da finca Sobral
- 1.4.- Correspondencia
- 1.5.- Fotografías
- 1.6.- Postais soltas
- 1.7.- Revistas

2.- FONDOS PERSOAIS

- 2.1.- Documentos de María Margarita Bárcena Saracho
- 2.2.- Documentación relacionada con María Saracho y Spínola
- 2.3.- Documentación de Augusto Bárcena Franco
- 2.4.- Documentación de José Manuel Bárcena Guzmán
- 2.5.- Documentación de Tránsito Guzmán Elvira
- 2.6.- Documentación académica de Augusto Bárcena Saracho
- 2.7.- Documentación de Augusto Bárcena Saracho

Os fondos musicais (partituras) foron depositados na sección de música notada da Biblioteca da Deputación, para o seu tratamento específico. Están integradoas polas composicións de Augusto Bárcena Saracho e a música de outros autores: Beethoven, Brahms, F. Schubert, Liszt, Mozart, Wagner, Chopin, Grieg, Schumann, Haydn, Debussy, Rusa, Albéniz, Granados, Música Clásica e Música moderna.

→ O fondo dos Marqueses de Leis, que forma o fondo 21 do Arquivo da Deputación, ingresa como depósito e está formado por 9 unidades de instalación e 279 agrupacións documentais e o cadre de clasificación desta colección documental recolle cinco series:

- 1.- Documentos xenealóxicos e heráldicos (1513-1981).
- 2.- Documentos de carácter patrimonial (1517-2005).
- 3.- Documentos de carácter señororial (1608-1939).

- 4.- Documentos de carácter xurídico (1502-1836).
- 5.- Documentos da oficina da Casa e Arquivo (1712-2009).

→ O fondo do Ateneo de Pontevedra, que forma o fondo 22 do Arquivo da Deputación, ingresa como depósito, e está formado por 10 unidades de instalación e 54 agrupacións documentais. O seu cadro de clasificación é o seguinte:

1.- ADMINISTRACIÓN:

- 1.1.- Regulamentos (1966).
- 1.2.- Correspondencia (1991-2004).
- 1.3.- Expedientes de socios (1966-2006).

2.- ACTIVIDADES:

- 2.1.- Actividades culturais (1991-2008).

3.- CONTABILIDADE:

- 3.1.- Documentos contables (1988-2005).

3.3.- Ingresos e volume total.

Así pois, durante o ano 2009 o Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra ingresou nos seus depósitos un total de 1.594 unidades de instalación procedentes de catorce servizos ou seccións da propia institución e creáronse 6.126 novos rexistros en base de datos. Ademáis, incorporáronse tres novos fondos privados, que suman cincuenta unidades de instalación.

Tamén instalouse no arquivo intermedio, documentación da Estación Fitopatoloxica do Areeiro, do servizo de Deportes e do Rregistro.

Desta forma, o Arquivo atinxiu as 31.510 unidades de instalación e 139.669 rexistros en base de datos ao 31 de decembro de 2009.

4.- SERVIZO DE CONSULTA.

O obxecto final dos traballos arquivísticos é por a disposición do público e da propia Institución a información contida nos documentos custodiados no propio Arquivo. Neste senso, podemos distinguir dous grandes grupos de usuarios:

4.1.- Servizos internos.

Son aqueles que se prestan á propia Deputación, que inclúe a información, en calquera fórmula, ou o préstamo directo de todo documento orixinal. A continuación podemos observar as diferentes vías de consulta e o número de usuarios.

Estes usuarios realizaron a consulta de 395 expedientes documentais e lles foron prestados un total de 90 expedientes.

4.2.- Servizos externos

Os servizos externos poden ser subdivididos en:

- Servizos a outras administracións públicas, mediante consulta, copias e certificacións, daqueles documentos que lles sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións recoñecidas por lei. Tamén a comunicación dos datos contidos no arquivo que necesiten por motivos históricos, científicos ou culturais.
- Servizo aos cidadáns, desde a premisa de que inicialmente os cidadáns poden consultar calquera documento, excepto aqueles que conteñan datos de acceso restrinxido pola lei.

Inicialmente pode consultarse directamente ou obter informes, copias, certificacións e compulsas de todo documento de libre acceso, salvo que se prexudicara de forma sensible a conservación do documento, ou que entorpeza o normal desenvolvemento do servizo.

- Servizo aos investigadores, co fin de contribuír e fomentar a investigación histórica tanto da provincia de Pontevedra coma das diferentes entidades locais que a forman, estimulando especialmente o uso e consulta dos fondos documentais, sen límite temporal e co uso dos medios de información e reprografía dispoñibles.

Neste ano, as consultas externas, pódense resumir no seguinte cadre:

Vía de consulta	Nº de usuarios
Consulta presencial	90
Consulta correo, mail, teléfono	35
TOTAL	125

Estes usuarios externos realizaron a consulta de 125 expedientes, solicitándose un total de doce certificaciones.

5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.

O Arquivo dentro do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico participou nas seguintes actividades:

- Exposición de planos no Congreso de Infraestructuras. Museo, xuño de 2009.
- Exposición de planos na Exposición da Cartoteca. Decembro de 2009.
- Visitas guiadas.

NOVAS DE PRENSA
ANO 2009

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O pasado ano trouxo unha nova sede para a Biblioteca "Suárez Llanos"

Os fondos da Biblioteca alcanzaron no pasado ano 2008 os 15.875 volumes

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 14 XANEIRO 2009

En 2008 a Biblioteca "Suárez Llanos" trasladouse dende o Pazo Provincial ó edificio da rúa Padre Amoedo, inaugurando unas novas instalacións, mellorando os equipamentos de depósitos, áreas de traballo e sala de lectura e permitindo mellorar as posibilidades de servizo ós usuarios.

O feito de que a Biblioteca da Deputación nacece cun carácter eminentemente especializado (encamiñado a cubrir as necesidades da propia Administración) non é óbice para que trate de cubrir outra serie de inquedanzas culturais coma o estudo, a investigación ou a lectura en xeral.

Os seus fondos alcanzaron no pasado ano 2008 os 15.875 volumes, ós que hai que engadir a Biblioteca Manfred Schwarz, adquirida en 1995 e formada aproximadamente por 6.000 títulos entre libros, catálogos, revistas e vídeos, dedicados na súa meirande parte á temática artística.

A totalidade destes fondos ordénanse seguindo un sistema de grandes grupos de materias, que trata de aproveitar as vantaxes dos dous sistemas de ordenación más usuais nas bibliotecas públicas españolas: "sistemática" e "número currrens". Estes grandes grupos de materias son:

- Galicia [7710]
- Coleccións e Dicionarios (Obras de referencia, así coma os grandes repertorios de legislación e xurisprudencia) [1697]
- Teses e traballos de investigación inéditos (ó igual cás obras de referencia e as publicacións periódicas, restrinxidas de préstamo) [694]
- Arquivística, Biblioteconomía e Documentación [1100]
- Expo (Colección das obras editadas pola Editorial da Deputación) [1099]
- Fondo Manfred Schwarz (Monografías) [2509]

Ademais, a biblioteca conta con outras dúas seccións dignas de mención: a sección folletos (regulamentos e ordenanzas da Deputación, turismo, agricultura, ensino, normalización lingüística, etc) e a hemeroteca. Esta última inclúe tanto publicacións oficiais (BOE, DOGA, BOP, BPG, DOCE) coma revistas especializadas.

En liñas xerais, as principais actividades desenvoltas pola Biblioteca no ano 2008 foron as seguintes:

- Actualización do catálogo en liña do fondo monográfico de *Galicia*.
- Posta en funcionamento do denominado fondo *Local Provincial*, de recente creación, e concibido como un subfondo dentro do fondo *Galicia*. Está composto por monografías, folletos e traballos de investigación inéditos que tratan no seu contido os diferentes aspectos da nosa provincia en xeral e de cada un dos seus concellos en particular.
- Adquisición, rexistro e incorporación de monografías.
- Rexistro e incorporación de material bibliográfico remitido por outros servizos
- Actualización, catalogación informatizada da colección de Folletos, xa dispoñibles nunha nova base de datos
- Establecemento de intercambio con outras institucións.
- Información e referencia ó usuario.
- Préstamo a domicilio, cun total de 507 préstamos en total (80% a cidadáns particulares e 20% persoal da Deputación).
- As consultas en sala foron 476 (50% persoal da Deputación – 50% cidadáns particulares)

Na hemeroteca continuouse a realizar olo valeirado das publicacións periódicas do fondo *Galicia* (xa dispoñible na base de datos da hemeroteca na súa totalidade), que lles permitirá ós usuarios localizar calquera artigo publicado en ditas revistas. O volumen do fondo acadou unhas cifras de 430 títulos, que representan un total de 6.771 números de revistas cun contido total de 65.179 artigos.

- Actualización da colección de *Publicacións Oficiais* [xaneiro 2008 - decembro 2008]

- Establecemento de subscricións a diferentes publicacións periódicas
- Mantemento do Servizo de Acceso ó Documento on-line da Hemeroteca Provincial. Este servizo, inaugurado no mes de outubro de 2007, tivo no ano 2008 un volume de 345 solicitudes por parte de investigadores, procedentes de toda a xeografía autonómica, nacional e mundial:

○ **GALICIA**

- A Coruña: Noia (1), Culleredo (1), Ordes (2), Ribeira (1), Muxía (1), Malpica (1), Ortigueira (7), Rois (1), Ferrol (4), Santiago (19), A Coruña (18), Oleiros (1).
- Lugo: A Pastoriza (1), Ribadeo (1), Lugo (11), Chantada (1).
- Ourense: Póvoa de Trives (1), Bande (1), Xinzo de Limia (2), Allariz (1), A Merca (1), Ourense (7)
- Pontevedra: Poio (1), Soutomaior (2), Portas (1), Marín (3), Tui (3), Vilagarcía de Arousa (3), Cangas (3), Vilanova (2), Dozón (1), Lalín (3), Vigo (19), Pontevedra (31), Meaño (1).

○ **ESPAÑA**

- Zaragoza (1), Guipúzcoa (5), Valencia (2), Cantabria (2), Murcia (1), Valladolid (1), Gran Canaria (1), La Rioja (16), Madrid (58), Barcelona (8), Badajoz (5), Málaga (2), Granada (3), Cádiz (1), Córdoba (8), Salamanca (1).

○ **ESTRANXEIRO**

- Brasil: Sao Paulo (1)
- Colombia: Medellín (1)
- Gran Bretaña: Londres (2), Manchester (1)
- Portugal: Porto (11), Lisboa (3), Guimaraes (3), Quinta do Conde (1), Angra do Heroísmo (1)
- Francia: París (3), Verzevelle (1), Niza (1).
- Alemaña: Berlín (3), Saarbrücken (1)
- Porto Rico: San Juan (1)
- Chile: Santiago (3)
- Eslovaquia: Bratislava (1)
- EE.UU.: New York (1), New Jersey (2)
- Taiwan: Taipei (1)
- Arxentina: Bahía Blanca (1), Buenos Aires (27)
- Canadá: Toronto (1)

Presentación do libro *Árbores e arbustos do castelo de Sobroso*, da Editorial da Deputación de Pontevedra, no castelo de Sobroso

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 XANEIRO 2009

O xoves 22 de xaneiro, ás 19.30 horas, terá lugar no castelo de Sobroso, en Mondariz, a presentación do libro *Árbores e arbustos do castelo de Sobroso*, da Editorial da Deputación de Pontevedra.

Neste acto intervirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o alcalde de Mondariz, Julio Alén Montes, o alcalde de Ponteareas, Salvador González Solla, o director do parque do castelo de Sobroso, Germán Álvarez González, e a autora do libro, Rosa María Covelo Alonso.

Esta publicación recolle un inventario que inclúe as especies e arbustos que se atopan no parque do castelo do Sobroso (chamado antigamente Soveroso, que é a palabra latina da que provén o nome de sobreira). A partir do ano 1981, cando o concello de Ponteareas comprou o castelo, o parque sufriu varias modificacións e na actualidade estanse levando a cabo algúns proxectos de recuperación da vexetación autóctona.

O obxectivo desta publicación foi deixar constancia por escrito da diversidade vexetal que hai na zona (84 especies en total, incluíndo ximnospermas e anxiospermas –árbores e arbustos- e palmeiras).

A realización deste traballo foi levada a cabo de forma que é facilmente comprensible tanto por persoas relacionadas científicamente co mundo vexetal coma por xente que carece deste tipo de formación, xa que o documento consta dunha sección dedicada exclusivamente a "vocabulario" e outra a "debuxos" esquemáticos explicativos.

Ademais destas dúas seccións inclúese unha parte dedicada a "cadros taxonómicos" nos que aparecen todas as especies divididas en catro grandes grupos: ximnospermas, anxiospermas (árbores e arbustos) e palmeiras; e outra parte dedicada ás "fichas botánicas", nas que se describen as especies e inclúen ademais unha fotografía do exemplar. Tanto nos cadros coma nas fichas a especie designase co nome científico e con un ou varios nomes comúns, en galego e castelán.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro *Crónicas y estampas de Baiona la Real na Capitanía Marítima de Baiona*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 04 FEBREIRO 2009

O xoves 5 de febreiro, ás 19.30 horas, terá lugar na Capitanía Marítima de Baiona a presentación do libro *Crónicas y estampas de Baiona la Real*, da Editorial da Deputación de Pontevedra.

Neste acto intervirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña, e o autor do libro, Salvador Fernández de la Cigoña. Terá lugar, así mesmo, a actuación do cuarteto Fugatto, cun recital de música clásica e moderna.

É este un libro de historia á vez que un catálogo de fotografía antiga desta vila de reguengo, Baiona.

É unha obra de historia en tanto en canto percorre un camiño que comeza cos primeiros miñoranos e baioneses e remata no momento no que os canóns de Monte Real tronaron por última vez en 1843. Por ese longo camiño da historia atopámonos co mundo castrexo, o romano, a Alfonso IX, o Duque de Lancaster, Pedro Madruga e Francis Drake, entre outros moitos. Nunha paréntese no fío histórico o libro afonda na orixe dos topónimos de Baiona e Erizana, facendo un percorrido polas baionas francesa, leridana, portuguesa, castelá, etc.

Non falta copiosa información sobre os naufraxios nas costas baionesas, especialmente do navío Highland Pride, e unha reportaxe fotográfica do seu afundimento. Tamén se recolle unha relación de baioneses e veciños ilustres e as súas biografías. E como non pode ser doutro modo, tratándose dun municipio intrinsecamente turístico, achégase o momento dos primeiros turistas, con información de quen eran os que chegaban á vila, cómo chegaban e cómo se entretiñan. Noutro dos seus capítulos facilitaselle ó lector información moi heteroxénea na que teñen cabida personaxes populares, a Virxe da Roca, o tranvía, a prensa miñorana e o faro de Cabo Silleiro.

Debe destacarse, así mesmo, o abundante material gráfico da primeira metade do século XX que contén o traballo, un material que, dende a súa inicial publicación, non fora reeditado e permanecía descoñecido para a maior parte do público. Trátase dun material moi diverso: anuncios, gravados, portadas de libros e outras publicacións, información comercial e turística, coplas do entroido, pasquín polícticos, planos, portadas de xornais do Val Miñor, programas de festas, teatro e veladas literario-musicais.

En definitiva, é esta unha obra que contén información, fotografías e outros documentos co fin de achegarles ós lectores a realidade histórica da vila de Baiona la Real.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Na Biblioteca Suárez Llanos, os fondos incrementáronse nun total de 319 novos títulos nos últimos dous meses

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 10 FEBREIRO 2009

A Biblioteca Suárez Llanos víu incrementados os seus fondos nos últimos dous meses nun total de 319 novos títulos. Este incremento foi posible, en parte, grazas á doazón de publicacións por parte das seguintes institucións:

- Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra
- Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra
- Consellería de Traballo
- Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar
- Fundación Caixagalicia
- Biblioteca da Facultade de Bioloxía da USC
- Biblioteca da Facultade de Ciencias económicas da USC
- Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia da USC
- Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
- Biblioteca de Maxisterio de Lugo
- Concello de Portas
- Museo do Pobo Galego
- Dirección Xeral de Formación e Colocación
- Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
- Comarcas de Galicia
- Concello do Rosal

Igualmente rexistráronse doazóns bibliográficas a título particular:

- Luis Valero de Bernabé
- Antonio de la Guardia

Asemade, recibíronse publicacións, en concepto de intercambio bibliográfico, das seguintes institucións:

- Deputación Provincial da Coruña
- Instituto de Estudios Vigueiros
- Consello da Cultura Galega
- Museo Provincial de Lugo
- Universidade de Vigo
- Museo de Pontevedra
- Centro Arqueolóxico do Barbanza
- Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Museo Ramón María Aller

Os procesos técnicos desenvoltos dirixíronse preferentemente á actualización da base de datos do fondo "Galicia", manténdose ó mesmo tempo o proceso de automatización da sección "Folleto", acadando ata o de agora un total de 4.283 rexistros.

Ademais, estase a pór en marcha un novo fondo bibliográfico denominado *Fondo Local Provincial*, composto por monografías, folletos e traballos de investigación inéditos que tratan no seu contido os diferentes aspectos da nosa provincia en xeral, e de cada un dos seus concellos en particular, e que, en breve, estará xa a disposición dos usuarios da biblioteca.

Novos fondos na hemeroteca da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 10 FEBREIRO 2009

No período decembro 2008-xaneiro 2009, a Hemeroteca da Deputación de Pontevedra incrementou os seus fondos cos seguintes exemplares:

TÍTULOS XA EXISTENTES NO FONDO

- ACEIMAR. Revista de divulgación cultural y deportiva de los colegios Marcote, nº 54.
- ACTA CIENTÍFICA COMPOSTELANA. Revista de la Universidad de Santiago de Compostela, nº 12 (1-2)
- ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA, nº 3 (I)
- AG. Revista do Audiovisual Galego, nº 3.
- ALBERRI, nº 18.
- ANABAD. Boletín de la Confederación de Asociaciones de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, nº LVII-4, LVIII-1.
- ANÁLISE EMPRESARIAL. Revista Galega de Economía e Ciencias Sociais, nº 9, 16.
- ÁGORA. Papeles de Filosofía, nº 26 (II).
- ANAQUEL. Boletín de Libros, archivos y bibliotecas de Castilla-La Mancha, nº 42.
- APROINCO. Revista de actualidad inmobiliaria, nº 60, 61.
- ARCHIVAMOS. Boletín ACAL (Archiveros Castilla y León), nº 69.
- ATENEA. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán, nº 32.
- AURIENSA. Revista del Instituto Teológico Divino Maestro de Ourense, nº 11.
- BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza, nº 3, 4.
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA, nº 16.
- BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA, nº 38.
- BOLETÍN ILUSTRE COLEGIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA, nº 99.
- CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA, Nº 15 (3).
- CAMELIA. Publicación de la Asociación Española de la Camelia, nº 12.
- CASTRELOS. Revista del Museo Municipal Quiñones de León, nº 13.
- CÁTEDRA. Revista eumesa de estudios, nº 2.
- CERNA. Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente, nº 56.
- CÍRCULO DE DIRIGENTES, nº 4, 26-27, 124, 125.
- EL CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO, nº 93.
- CIS-MADERA. Revista del Centro de Innovación y Servicios Tecnológicos de la Madera de Galicia, nº 9, 10.
- CLARIDADE. Revista de la Fundación Luis Tilve, nº 6.
- CONSTRUCCIÓN LUGO, nº 244, 245.
- COOPERACIÓN GALEGA. Revista da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, nº 90, 91.
- CT. Catastro, nº 12, 24.
- CUADERNOS DE ESTUDIOS GALEGOS, nº 109, 111.
- CUADRANTE. Revista cultural da "Asociación Amigos de Valle-Inclán", nº 17.
- DELIBROS. Revista del libro, nº 224, 225, 226, 227.
- DEREITO. Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, nº 16 (2).
- ECO. Revista do Arco Atlántico, nº 1, 10, 13, 30 y 206.
- EMPRESA PONTEVEDRA, nº 231, 232.
- ESTUDIOS MINDONIENSES. Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo – Ferrol, nº 4, 24.
- EI EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA. Revista Trimestral Fundada por Camilo José Cela, nº 54, 55, 56.
- FERROL ANÁLISIS. Revista de Pensamiento y Cultura, nº 23.

- FUNDACIÓN, A. Revista oficial da Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e do Conxunto Histórico de Ribadavia, nº 14.
- GALICIA. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, nº 287, 401, 402, 418, 627, 682, 684.
- GALLAECIA. Publicación del Departamento de Prehistoria y Arqueología de la USC, nº 26, 27.
- ÍNDICE. Revista de la Asociación de Antiguos Alumnos de la Escuela de Negocios Caixavigo, nº 11, 15, 16, 18, 22.
- INFORMATRA. Revista de la Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos de la Provincia de Pontevedra, nº 186.
- INNOVACIÓN EDUCATIVA, nº 18.
- LATEXO, nº 64, 65.
- LÚA NOVA. Órgano de difusión da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro, nº 50.
- MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos, nº 11.
- MATHESES. Boletín de divulgación matemática, nº 21, 22, 23, 24.
- MI BIBLIOTECA. La revista del mundo bibliotecario, nº 15, 16.
- MINERVA. Revista del Círculo de Bellas Artes, nº 10.
- NALGURES. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, nº 4.
- O NOSO. Revista del Centro Gallego de Santa Cruz de Tenerife, nº 2.
- O OLLO PÚBLICO. Revista das artes, nº 24, 25
- OURENSE SIGLO XXI, nº 14, 15, 16.
- PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL, nº 2.
- A PEDREIRA. Revista Cultural e Turística do Concello da Lama, nº 6.
- REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA, nº 16 (2), 17 (1).
- REVISTA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA, nº 9, 10.
- REVISTA GALEGA DO ENSINO, nº 54.
- REVISTA XURÍDICA GALEGA, nº 56.
- RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, nº 7 (I).
- SAN ROQUE. Asociación de Vecinos, nº 10.
- SÉMATA. Ciencias Sociais e Humanidades, nº 20.
- TABULA. Revista de Archivos de Castilla y León, nº 10, 11.
- TEMPO EXTERIOR. Revista de análise e estudos internacionais, nº 17.
- TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 137, 138.
- THALASSAS. Revista de Ciencias del Mar, nº 24 (1).
- TURGALICIA. Revista para descubrir Galicia, nº 12.
- A TRABE DE OURO. Publicación Galega de Pensamento Crítico, nº 75
- VICEVERSA. Revista Galega de Traducción, nº 13.
- XÓVENES AGRICULTORES. Revista de Información Agrícola, Gandeira e Forestal, nº 202, 203, 205, 209.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- ADEGA CADERNOS
- GALEGOS
- OS GALOS. Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial
- NÓS. Revista Cultural do Centro Gallego de Sabadell
- SAUDADE. Agrupación Cultural Galega

Os sumarios destas publicacións poden ser consultados a través do catálogo en liña da hemeroteca.

Actualízase o arquivo municipal de Lalín

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
27 FEBREIRO 2009

O concello de Lalín, mediante a contratación de Berta Fernández García, e coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación, continua o proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal.

Nos últimos meses incorporáronse un total de trescentas noventa e nove novas unidades de instalación, que supoñen cincuenta metros lineais más de documentación, correspondente á súa máis recente xestión administrativa, que obrigou á instalación de novos equipamentos no local do arquivo.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello. Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a acabo un total de seis actualizacións, das que as tres últimas foron desenvoltas mediante contratación feita polo propio concello; en cada unha delas foise incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.551 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1841 e 2008 e unha base de datos formada por 19.383 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Lalín atópase instalado no anterior local da biblioteca municipal, que conta hoxe tamén co "Museo de Títeres" na súa primeira planta. Ocupa o arquivo unha superficie aproximada de setenta metros cadrados, cunha ampla sala rectangular que se complementa cos espacios de acceso a esta; neste espacio dispuxérонse os equipamentos suficientes para a instalación da totalidade das unidades de instalación, contando con mesa de consulta, ficheiro e ordenador.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "José Lorenzo Macías. A pintura soñada" na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico**
05 MARZO 2009

A Deputación de Pontevedra presentará o venres, 6 de marzo, ás 19:00 horas, o libro "José Lorenzo Macías. A pintura soñada", editado pola institución provincial.

Ó acto, que se vai celebrar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas, asistirán o autor, José Manuel García Iglesias, o pintor José Lorenzo Macías, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, M^a Teresa Pedrosa Silva, e o vicepresidente da Deputación de Pontevedra, José Crespo Iglesias.

O libro fai un repaso pola obra de Lorenzo Macías, pintor pontevedrés, cunha proxección nacional e internacional avalada por exposicións en institucións e galerías nacionais e internacionais. Esta publicación inclúe, así mesmo, textos críticos da súa pintura, de David Chao Castro, Ramón Rozas Domínguez e Román Padín Otero.

A través deste traballo pódese contemplar a súa obra, unha pintura optimista que retrata con destreza tipos humanos e escenas cotiás da súa Galicia natal. Ái están as vendedoras das prazas, as pescantinas ou o espectáculo das feiras, as romaría e bodegóns. Tamén a figura feminina aparece reiteradamente como soporte para o discurso narrativo do seu universo.

A cor é un elemento destacado no seu traballo, cor que se foi modificando ó longo do tempo. Aqueles tons más apagados e escuros dos seus inicios deron paso a unha pintura más alegre e festiva, amosando unha paleta chea de vermellos, azuis e amarelos, que evocan unha enorme diversidade de sentimientos.

A presentación deste libro vai acompañada dunha exposición da súa obra, unha pintura incuestionablemente galega nas cores, nos temas e nos xestos dos seus personaxes, un espello no que todos os galegos nos recoñecemos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualización do inventario do arquivo municipal de Moaña

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 MARZO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Moaña.

Estes traballos que complementan os que vén desenvolvendo nos últimos anos persoal municipal, supuxeron a incorporación de 332 novas unidades de instalación e corenta e un metros lineais de documentación, depositados xa todos no novo local habilitado no soto da actual sede municipal.

Procedeuse á súa revisión e á incorporación, así como á elaboración dos instrumentos de descripción, actualizando con esta a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Moaña se iniciou en 1996 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 2001, 2004, 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 3.925 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1818 ata o 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficientes para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo, formado por 13.543 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualización do inventario do arquivo municipal de Sanxenxo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
09 MARZO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Sanxenxo, situado no soto da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos polo arquiveiro municipal, Alberto Aramburu García-Pintos, supuxeron a incorporación de 1.109 novas unidades de instalación e 138 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Sanxenxo, se iniciou en 1988 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1990, 2000, 2001, 2005, 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 8.644 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1863 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 35.088 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do vídeo “Centro forestal de investigación Lourizán” na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 MARZO 2009

A Deputación de Pontevedra estreará o mércores, 11 de marzo, ás 19:00 horas, o vídeo “Centro forestal de investigación Lourizán”, editado pola institución provincial.

Ó acto, que se vai celebrar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas, asistirán o produtor de SD Vídeo, Agustín Varela Gil, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, M^a Teresa Pedrosa Silva, e a xefa da sección de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Ana Vicente Rivas.

Este traballo audiovisual, realizado por SD vídeo e incluído na colección “Natureza galega” da Editorial da Deputación, recolle imaxes do terreo de Lourizán así como das edificacións que se levantan nel, unha extensión que nos últimos anos recuperou a súa actividade como xardín, centro de investigación e aula da natureza.

Considérase que a zona coñecida como Granxa da Serra foi o punto de partida deste predio situado a 5 quilómetros de Pontevedra seguindo pola estrada de Marín.

O seu máximo atractivo reside no peculiar da súa vexetación. A primeira sección que chama a atención é o arboreto, un espazo que lle proporcionou un importante pulo a Lourizán e que motivou a chegada de novas especies. O arboreto divídese á súa vez en tres zonas: o castanetum, chamado así polos numerosos castiñeiros que reúne; o coniferetum, unha ampla parcela destinada á plantación de coníferas; e o eucalyptetum, onde se plantaron numerosos eucaliptos.

Das máis de 500 especies que teñen representación neste xardín botánico hai un bo número que posúe algunha característica particular, algunas delas polo seu tamaño, pola súa forma ou por proceder de lugares moi afastados, como é o caso do cedro do Líbano.

Tamén o xardín reserva unha zona para plantar árbores e outras especies vexetais representativas do resto de comunidades autónomas. Coñecida co nome de “O parque das autonomías”, creouse no ano 1993 con motivo da celebración en Lourizán do 1º Congreso Forestal Español.

Este vídeo fai un repaso, así mesmo, polas edificacións que se levantan en Lourizán e polas numerosas fontes e fervenzas do parque, como un complemento idílico da vexetación coa que conta o predio.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Novas incorporacións no arquivo municipal de Vilaboa

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 MARZO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de revisión e colaboración na actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Vilaboa.

Estes traballois desenvoltos por persoal municipal supuxeron a incorporación de 162 novas unidades de instalación e 21 metros lineais de documentación, que corresponde ó último ano, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Vilaboa, se iniciou en 1985 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1986, 1992, 1999, 2000, 2001, 2004, 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 2.100 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1856 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 14.682 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Tomiño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
24 MARZO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos desde as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Tomiño, con 583 novas unidades de instalación e 73 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto do arquivo municipal de Tomiño, se iniciou en 1989 e se desenvolveu en sucesivas fase de profundización informativa e de actualizacíons e informatización nos anos 1990, 1991, 1997, 2001, 2004, 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 4.264 unidades de instalación, con documentación principalmente do século e vinte, con datas extremas que van de 1893 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 19.161 rexistros que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación organiza o arquivo da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
24 MARZO 2009

Coa intención de preservar e poñer en valor a documentación producida no decurso da xestión das administración públicas da provincia acábase de acometer un proceso de centralización, organización e descripción dos fondos da Mancomunidade intermunicipal do Baixo Miño.

Os estatutos da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño foron elaborados pola Asemblea de concelleiros celebrada o día 30 de outubro de 1991 e constitúese a Mancomunidade en sesión especial o día 24 de febreiro de 1992. Está integrada polos concellos de Tui, A Guarda, Oia, O Rosal e Tomiño. Inicialmente terá a súa sede ou enderezo social na casa do concello, no que o seu alcalde ocupa a presidencia. Os seus órganos de goberno son a Xunta de Goberno, o presidente e o vicepresidente.

Inicialmente esta mancomunidade constituíuse coas seguintes finalidades: conservación, ampliación, mellora e reparación das vías municipais; recollida e tratamiento de residuos sólidos; abastecemento domiciliario de auga; depuración de augas residuais; Protección Civil e prevención e extinción de incendios; transportes públicos; matadoiro; posta en marcha de programas de desenvolvemento rural; conservación e potenciación do patrimonio histórico-artístico; actividades culturais, deportivas e educativas; protección do medio ambiente; desenvolvemento de programas de atención social e desenvolvemento de actividades de promoción turística no ámbito territorial da Mancomunidade.

Logo do traslado ó arquivo municipal de Tomiño dunha boa parte dos fondos depositados no Concello de Tui, procedeuse á súa clasificación, ordenación e instalación nas dependencias do propio arquivo municipal, en calidade de fondo independente. Resultaron un total de 44 unidades de instalación, con documentación correspondente ó período 1990-2008, descritos nunha base de datos con 287 rexistros.

A maior parte dos fondos corresponde a xestión e control orzamentario, a documentación dos órganos de goberno da Mancomunidade e á xestión das subvencións e dos diferentes proxectos acometidos ("Forest", "Qualitour", "Citania", "Hortomulier", "Tuyeco", "Formación interactiva intersectiva de práctica prelaboral e laboral de xoves discapacitados en integración" e "Provolgapor").

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Redondela

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 MARZO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Redondela, situado na planta baixa da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nos últimos meses pola auxiliar de arquivo Ana Gesteira Ponce, supuxeron a incorporación de 325 novas unidades de instalación e 40 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Redondela se iniciou en 1988 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1998, 2002, 2005, 2007 e 2009 .

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 6.624 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1848 ata o 2008.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 42.577 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Aprobado o VIII Plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais

Este ano actuarase de novo en 56 arquivos municipais

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 MARZO 2009

Previsiblemente no mes de xuño porase de novo en marcha o Plan de desinfectación, desinsectación e desratización, coordinado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental, específico para aqueles locais que veñen cumprindo a función de depósitos documentais (arquivos) nos diferentes concellos da provincia.

Por oitavo ano consecutivo, comprobada a eficacia e utilidade desta actuación, téntase seguir contribuíndo un pouco máis á paralización do proceso dexenerativo dos fondos documentais, a engadir ós xa dados polos propios concellos na mellora de locais, instalacións e equipamentos e as actuacións de organización e descripción da documentación conservada.

Incluirá dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación, contratados no seu día coa empresa "Control de Plagas Andrade", entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. Escóllense estas datas por ser a época de maior actividade dos principais insectos actuantes, especialmente o Coleopterus familia Anobium e Dermestes Laridarius.

O método de aplicación utilizado é mediante termonebulización, a fin de conseguir unha maior capacidade de penetración en todos os ocos e alcanzar no maior grao á posible larva que houbera no interior.

A materia activa que se emprega é extracto de pelitre, cun gran efecto de choque e cun alto nivel de seguridade tanto para o aplicador ou as persoas, coma para o medio ambiente por non ser un produto residual. Para maior seguridade sélanse os locais durante dous días.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**A Editorial da Deputación de Pontevedra presenta o libro
Percorrido pola historia de Ponteareas
de Rafael Sánchez Bargiela (coordinador)**

Imaxes do século XX nas coleccións do Museo municipal de Ponteareas, reedición do título pertencente á Colección A Provincia en imaxes, na que figurán entre outros O Grove. Foron outro tempos, A Vilagarcía das vellas postais, Marín en las tarjetas postales antiguas 1902-1945 e Vigo y los tiempos vividos al tránsito de la postal antigua

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 ABRIL 2009

Ó acto, que terá lugar ás 20.00 h no salón de plenos do Concello de Ponteareas, asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o alcalde de Ponteareas, Salvador González Solla, e o coordinador do libro, Rafael Sánchez Bargiela.

Esta publicación recolle a historia da vila de Ponteareas a través dun percorrido en imaxes do último século, que reflecten os primeiros tempos da historia de Ponteareas, o castelo de Sobroso erguido no século XII, as distintas épocas na vila de Ponteareas, a procesión do Corpus Christi...

As imaxes, cedidas polo Museo municipal de Ponteareas, amosan o cambio da realidade ponteareá no último século: fotografías do río Tea en 1950, a Praza Maior de Ponteareas, Praza de Bugallal, os cruceiros da vila, as rúas, a Picaraña, a igrexa parroquial de San Miguel, a casa do concello, os xardíns da Xiralda, a capela da nosa Señora dos Remedios, as famosas alfombras de flores do Corpus.

Remata o libro coa Libretiña de José Luis Bugallal (1916-1918), na que se recollen as oito marabillas de Ponteareas: a boticaria, a casa do concello, as escolas públicas, a igrexa parroquial, o convento de Canedo, o Tea, a Praza Maior e, por suposto, Lucero.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal da Cañiza

Supón a continuidade dun proceso de asistencia técnica en materia de patrimonio documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 ABRIL 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Cañiza, con duascentas setenta e tres novas unidades de instalación, que representan trinta e nove metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a acabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.201 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1792 e 2008 e unha base de datos formada por 14.285 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello da Cañiza atópase instalado en varios locais habilitados na planta baixa da casa do concello, a carón das dependencias da biblioteca.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

**Presentación do libro *Ensayos para el habla*,
de Manuel Janeiro, na delegación
da Deputación de Pontevedra en Vigo**

**Este martes 14 de abril a Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o libro de
poemas
Ensayos para el habla, de Manuel Janeiro**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 ABRIL 2009

O acto, que terá lugar ás 19:30 na delegación da Deputación en Vigo (Oporto nº 3), estará presidido polo vicepresidente da Deputación provincial, José Manuel Figueroa Vila, xunto co autor do libro, Manuel Janeiro, o deseñador e cineasta Eloy Lozano Coello e o catedrático e escritor, Fernando Bartolomé Benito.

O libro é o primeiro título da colección Cíes, dedicada á poesía, continuación da benquerida Tambo que contaba cun total de 32 libros editados.

Ensayos para el habla é un ensaio de lírica pura. Non é poesía ó servizo das palabras, conceptos, nin situacións convencionais; o autor busca a complicidade cósmica e pétreas para mostrar o seu desacougo.

*Ese sol que luce fuera,
Que brota de las piedras.
Esa luz de suelo*

Manuel Janeiro traballa con atinado saber os temas clave da poesía e da vida: amor, soledade, morte..., tecendo un poemario con olladas de observador partícipe.

Ensayos para el habla é un monólogo fronte a un espello no medio dun deserto desolador.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**A Editorial da Deputación de Pontevedra presenta o libro
O Grove. Foron outros tempos.
Coordinadora Carolina Rubirosa Rodríguez.
Colección A provincia en imaxes.
Encadernación cartoné
A presentación será sábado 28 de marzo, ás 20:00h no Café-concierto TNT do Grove**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
03 ABRIL 2009

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro sábado 28 de marzo de 2009 o libro *O Grove. Foron outros tempos*, título pertencente á Colección *A provincia en imaxes*, na que figuran entre outros *A Vilagarcía das vellas postais, Marín en las tarjetas postales antiguas 1902-1945 e Vigo y los tiempos vividos al tránsito de la postal antigua*.

Ó acto, que terá lugar ás 20.00 h. no café-concierto TNT do Grove, asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado delegado de Cultura e vicepresidente da Deputación, José Juan Durán Hermida e o coeditor do libro, José Luis Teófilo Piñeiro.

Na súa introdución José Luis Teófilo di: *Se puidesemos imaxinar o nome dunha esencia que gardase a brisa do mar, a calidez da area das praias atlánticas, todos os aromas da flora das Rías Baixas, a calma das calas da ría de Arousa, a gastronomía do marisco, as festas e a cultura mariñeira bautizámola co nome do Grove.*

O libro encadernado en cartoné e con 408 páxinas fai un percorrido en imaxes pola historia da vila do Grove; dende a economía sustentada na pesca ás conserveiras e o marisqueo no porto do Grove, a historia da illa da Toxa, os distintos clubs deportivos da zona (fútbol, baloncestos, balonmán, remo...), a arte de Ernesto Goday ou Gogue, a cultura e as festas populares (festa do marisco)... ata as tradicións e lendas dos mecos.

Esta publicación viu a luz grazas ó intenso traballo de recompilación das imaxes, levado a cabo pola coordinadora do libro, Carolina Rubirosa Rodríguez, a editorial Teófilo Comunicación e o Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, que reuniron máis de 500 instantáneas cedidas polo Museo provincial, clubs deportivos do Grove, asociacións veciñais, outras agrupacións e particulares...

Durante a presentación actuará a Coral Polifónica da Confraría de pescadores de San Martiño do Grove, dirixida por Josefa María Dorado Soto, interpretando as pezas musicais: *Lévame, O voso galo comadre e Salve mariñeira.*

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponentevedra.es/>

Este xoves 16 de abril a Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o libro *Pedro Solveira*.

Colección: arte. Encadernación: rústica. Varios autores. Pontevedra.- Diputación Provincial, 2009.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 ABRIL 2009

O acto, que terá lugar o día 16 de Abril ás 20.00 h no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), estará presidido polo presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, xunto co pintor Pedro Solveira Collazo e o crítico de arte; Antonio Landesa MIramontes.

Pedro Solveira Collazo nace en Vigo en 1932, polas condicións nas que vive non dispón de medios para obter cores, así que os inventa, utiliza o azafrán, o pimentón, herbas prensadas en morteiro e, sobre todo, o añil. A madeira e o metal marcarán a súa obra artística.

Comeza a súa andadura artística a partir dos anos 40-50 facendo traballos de litografía industrial e estampación. O mesmo tempo que desenvolve a su obra persoal con acuarelas e óleos.

En 1947 vai en busca de formación a Madrid, onde mellora a precisión da liña e o difuminado dos seus debuxos. Regresa a Vigo e en 1949 marcha a París para ampliar a súa formación cultural e artística, onde entrará en contacto co mestre da arquitectura Le Corbusier.

En 1954 volve a España; está unha tempada nada Escola Massana de Barcelona pero pronto regresa á súa cidade natal. Nos anos 50-60 crea a técnica de pintura en esmalte sobre ferro cincelado; o ferro vai ser o material protagonista da súa obra. Do esmalte sobre o ferro cincelado Solveira deriva cara á técnica da oxidación, o que supuxo un esforzo investigador do proceso químico correspondente.

Nos anos 70 a súa obra adquire proxección internacional: Caracas, Bos Aires, Génova, París, Nueva York, Londres... No anos 80 as exposicións multiplícanse, sen deixar de expoñer en Galicia e en España. Xa na década dos 90 cambia o ferro pola madeira e o óxido polo ácido.

Pedro Solveira continúa en activo, sempre explorando novas formas, ideas e camiños para levalas a cabo.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Hoxe ás 13:00 inaugúrase a Casa do Mapa de Pontevedra na Cartoteca Domingo Fontán, sita no Arquivo provincial da Deputación

LUGAR: rúa Padre Amoedo nº 1. 36002 Pontevedra

DÍA: 17 de abril de 2009

HORA: 13:00 horas

ASISTENTES: o Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal; o director xeral do Instituto Geográfico Nacional (IGN) e o presidente do Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG), Alberto Sereno Álvarez.

OUTROS ASISTENTES: o director do CNIG, José Cebrián Pascual; o director do SPDB, Miguel Pereira Figueroa; o asesor do CNIG, Manuel García Pérez; o delegado rexional do IGN en Galicia, Antonio Sampayo Cortiñas e o xefe da área de Informática do CNIG, Pedro Vivas White.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 17 ABRIL 2009

Inaugúrase a *Casa do Mapa* segundo o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG) para a instalación dunha sección da Casa do Mapa na Cartoteca Provincial Domingo Fontán do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

A *Casa do Mapa* instalarase nas novas dependencias do Servizo na rúa Pai Amoedo nº 1, 2ª planta; dependente da súa Cartoteca e estará especializada en Galicia en xeral, e na provincia de Pontevedra en particular, para darles servizo a todos os cidadáns da provincia, institucións, concellos, etc.

A necesidade de dispor do material cartográfico editado polo Instituto Geográfico Nacional e demais organismos públicos da Administración xeral do Estado para a súa incorporación ó fondo da Cartoteca, así como a desaparición, hai xa varios anos da delegación provincial en Pontevedra do Instituto Geográfico Nacional, fixo que a Deputación de Pontevedra iniciase os trámites para a súa recuperación, como institución pública comprometida coa cultura e os seus cidadáns, para lles facilitar o acceso e pñer á súa disposición o material cartográfico máis actualizado, hoxe espallado por gran parte da xeografía española.

Por un lado, disporase do material cartográfico no propio fondo da Cartoteca para a súa utilización, con fins de consulta e investigación, por parte de todos os seus usuarios, incluídos os servizos da propia institución, concellos, etc., (cartografía dixital e temática, fotografías aéreas e imaxes de satélite, ortoimaxes, mapas e atlas históricos, libros de rutas turísticas e de excursións, etc.), procedente dos distintos organismos editores da Administración xeral do Estado: Instituto Geográfico Nacional, Instituto Hidrográfico de la Marina, Servicio Geográfico del Ejército, Instituto Geológico y Minero, etc.; e por outro, a posibilidade de adquirir todo iso mediante compra, a través da Casa do Mapa.

En función deste acordo a *Casa do Mapa* será o centro provincial de documentación, información xeográfica e distribución dos servizos xeográficos do CNIG e de todos aqueles organismos públicos que producen ou editan produtos cartográficos de Galicia en xeral e da provincia de Pontevedra en particular.

É importante mencionar a misión de servizo público destes establecementos e resaltar o seu carácter institucional. Estes instálanse nas capitais de provincia para fomentar o uso da cartografía e o coñecemento do territorio.

Con iso preténdese, en última instancia, poñer a disposición de todos os cidadáns a información cartográfica de Galicia co obxecto de divulgar o seu coñecemento e uso, facéndo-a máis accesible ó público en xeral; á vez que ofrecer un asesoramento especializado en información cartográfica e xeográfica.

A Cartoteca provincial poderá dispor non só de todo o material cartográfico editado senón -e o que é máis interesante- da provisión por parte do CNIG, das futuras novas edicións de dito material a través das súas actualizacións:

- a) Con fins de consulta e investigación na Cartoteca, para todos os seus usuarios e cidadáns en xeral; pois dispor do material cartográfico máis actualizado é un dos obxectivos prioritarios.
- b) Para o uso por parte dos diferentes servizos da propia institución interesados no dito material.
- c) Para o uso nos diferentes concellos da provincia.

En definitiva, a *Casa do Mapa* vai dirixida fundamentalmente ó cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Divulgar os produtos editados, relacionados coa información cartográfica e xeográfica de Galicia en xeral e da provincia de Pontevedra en particular.

- Achegar un valor engadido en canto á información territorial provincial, que non é outro que a

posibilidade de consulta individualizada e asesoramento por persoal especializado.

- Divulgar con carácter formativo e educativo os aspectos más relevantes da cartografía provincial no pasado, presente e futuro.
-

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presenta o Libro de fotografía *Carlos Osorio* e inaugura unha exposición do artista no Arquivo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
28 ABRIL 2009

A Deputación de Pontevedra presentará o martes 28 de abril ás 20:30 o libro *Carlos Osorio*, coincidindo coa inauguración da exposición do fotógrafo *Carlos Osorio. Unha vida en amarelo*. O acto terá lugar no Arquivo provincial, situado na rúa Padre Amoedo, nº 1.

Ó acto asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a deputada delegada de Benestar social e muller, María Teresa Pedrosa Silva, a viúva do fotógrafo, María Dolores Santalla Fernández, o director e realizador de cine, Ángel Peláez Poyán, e o coordinador da exposición, Xerardo Torrado Agulla.

O libro *Carlos Osorio* é un percorrido pola súa obra fotográfica, recolle máis de 100 fotografías e unha serie de entrevistas realizadas por María Ojea co contorno do artista, entre as que atopamos: a súa viúva, o arquitecto César Portela, o cineasta Ángel Peláez, o pintor Manuel Moldes entre outros. Pertence á colección Arte da Editorial da Deputación de Pontevedra, na que se inclúen, ademais deste libro, varias monografías de fotografía creativa: *Anxo Cabada*, *Xulio Gil*, e *Marta Filgueira*.

A exposición conta con parte da obra fotográfica de Carlos Osorio, coas cámaras tanto de fotografía coma de filmación usadas por el e cunha mostra dos audiovisuais e das montaxes realizadas por este creador.

Carlos Osorio foi un fotógrafo pontevedrés cunha importante obra avalada por galardóns e exposicións no estranxeiro xunto con nomeados fotógrafos. A pesar diso, a súa obra ficou ignorada pola maioría dos pontevedreses; *Carlos Osorio. Unha vida en amárelo* e o libro *Carlos Osorio* son a oportunidade para coñecer a este autor e, sobre todo, a súa obra.

A obra de Carlos Osorio pasou a engrosar o fondo gráfico do Arquivo da Deputación de Pontevedra trala doazón desinteresada da súa viúva, configurándose como un fondo fotográfico con cerca de 5000 rexistros, que quedan ó servizo da cidadanía para a súa consulta nesta institución.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O arquivo da Deputación actualiza o arquivo municipal de Vila de Cruces

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
28 ABRIL 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Vila de Cruces, con 1.605 novas unidades de instalación e 21 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto do arquivo municipal de Vila de Cruces, se iniciou en 1993 e se desenvolveu en sucesivas fase de profundización informativa e de actualizacíons e informatización nos anos 1995, 1998, 2000, 2002, 2005, 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 1.818 unidades de instalación, con documentación principalmente do século e vinte, con datas extremas que van de 1872 ata o 2009.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 12.489 rexistros que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presenta o libro de fotografía *Carlos Osorio* e inaugura unha exposición do artista no Arquivo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
28 ABRIL 2009

A Deputación de Pontevedra presentará o martes 28 de abril ás 20:30 o libro *Carlos Osorio*, coincidindo coa inauguración da exposición do fotógrafo *Carlos Osorio. Unha vida en amarelo*. O acto terá lugar no Arquivo provincial, situado na rúa Padre Amoedo, nº 1.

Ó acto asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a deputada delegada de Benestar social e muller, María Teresa Pedrosa Silva, a viúva do fotógrafo, María Dolores Santalla Fernández, o director e realizador de cine, Ángel Peláez Poyán, e o coordinador da exposición, Xerardo Torrado Agulla.

O libro *Carlos Osorio* é un percorrido pola súa obra fotográfica, recolle máis de 100 fotografías e unha serie de entrevistas realizadas por María Ojea co contorno do artista, entre as que atopamos: a súa viúva, o arquitecto César Portela, o cineasta Ángel Peláez, o pintor Manuel Moldes entre outros. Pertence á colección Arte da Editorial da Deputación de Pontevedra, na que se inclúen, ademais deste libro, varias monografías de fotografía creativa: *Anxo Cabada*, *Xulio Gil*, e *Marta Filgueira*.

A exposición conta con parte da obra fotográfica de Carlos Osorio, coas cámaras tanto de fotografía coma de filmación usadas por el e cunha mostra dos audiovisuais e das montaxes realizadas por este creador.

Carlos Osorio foi un fotógrafo pontevedrés cunha importante obra avalada por galardóns e exposicións no estranxeiro xunto con nomeados fotógrafos. A pesar diso, a súa obra ficou ignorada pola maioría dos pontevedreses; *Carlos Osorio. Unha vida en amárelo* e o libro *Carlos Osorio* son a oportunidade para coñecer a este autor e, sobre todo, a súa obra.

A obra de Carlos Osorio pasou a engrosar o fondo gráfico do Arquivo da Deputación de Pontevedra trala doazón desinteresada da súa viúva, configurándose como un fondo fotográfico con cerca de 5000 rexistros, que quedan ó servizo da cidadanía para a súa consulta nesta institución.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O concello de Lalín envía ó Arquivo Histórico Provincial os protocolos notariais aparecidos recentemente

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
06 MAIO 2009

Por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Lalín de 9 de marzo de 2009 decidiuse o traslado dos fondos notarias recentemente depositados no arquivo municipal; estes foron trasladados por persoal do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico e depositados para a súa custodia, tratamento e posta a disposición de investigadores no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, onde deben conservarse de acordo coa lexislación vixente.

Esta documentación inclúe escrituras e protocolos notariais da antiga xurisdicción de Deza, dentro do período 1582-1899, mesturados con documentación de tipo xudicial derivada da dobre función exercida polos escribáns no Antigo Réxime (fe pública notarial e xudicial). Veñen a completar documentación xa conservada noutros arquivos e xerada polos escribáns de dita xurisdicción no Antigo Réxime, é o caso do propio Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra ou do Arquivo do Reino de Galicia (1541-1749).

O estado de conservación é regular en liñas xerais e malo no caso da documentación do século XVI, debido á acción da humidade (fraxilidade nos soportes), da exposición excesiva á luz solar (tintas diluídas) e da incidencia de axentes bibliófagos (perforación do papel).

Parece ser que de xeito descoñecido esta documentación foi herdada polo concello na fin do Antigo Réxime como ten acontecido noutros moitos casos, sendo alí depositada pola vía que fose, pasando posteriormente ó Instituto Laxeiro de Ensinanza Media, que foi inaugurado en 1954 no solar do edificio que ocupaba o "Hospitalillo", de propiedade municipal, inaugurado en 1925 e construído baixo o mecenato da Sociedade de Fillos do Partido de Lalín de Bos Aires. Coa posterior inauguración do Instituto de Bacharelato Ramón María Aller Ulloa no ano 1978 os estudos de BUP e COU trasládanse a dito centro, e con eles os departamentos e pertenzas do outro instituto, motivo polo cal esta documentación foi parar ao departamento de Xeografía e Historia deste instituto.

Recentemente, de forma casual, levouse a cabo o depósito da mesma no arquivo municipal, téndose entón coñecemento da súa existencia; proponse o traslado ó Arquivo Histórico provincial para a súa custodia xunto co resto dos protocolos notariais de máis de cen anos do territorio provincial, o que se ten levado a cabo finalmente.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**A Biblioteca Suárez Llanos ten rexistrados 23.696 publicacións,
correspondentes os diferentes fondos e coleccións nos que se organiza**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 08 MAIO 2009

A Biblioteca Suárez Llanos ten rexistrados 23.696 publicacións, correspondentes os diferentes fondos e coleccións nos que se organiza, algúns deles descatalogados ou en proceso de revisión.

No proceso de actualización e renovación da oferta informativa e cultural do centro, nos meses de febrero, marzo e abril deste ano producíuse a incorporación de 287 novos títulos. Este incremento foi posible, en parte, grazas á doazón de lotes bibliográficos das seguintes institucións:

- Fundación Cultural Rutas del Románico
- Concello de O Rosal
- Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra
- Dirección Xeral de Política Lingüística
- Secretaría Xeral da Emigración
- Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra
- Fundación 10 de Marzo
- Consellería de Innovación e Industria
- Consellería de Cultura e Deporte
- Concello de Poio
- Fundación Juana de Vega
- Asociación Cultural A Cepa de Cangas
- Escola de Danzas de Ourense
- Asociación Verbo Xido, de Soutelo de Montes
- Dirección Xeral de Formación e Colocación
- Consellería do Medio Rural, Delegación Provincial de Pontevedra
- Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- Concello de Bueu

Igualmente rexistráronse doazóns bibliográficas a título particular:

- D. Manuel Uhía

Asemade, recibíronse publicacións, en concepto de intercambio bibliográfico, das seguintes institucións:

- Museo Provincial de Lugo
- Deputación Provincial de A Coruña
- Concello de Pontevedra
- Museo de Pontevedra
- Centro Galego de Arte Contemporánea
- Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Museo Etnológico de Ribadavia
- Consello da Cultura Galega
- Real Academia Galega
- Fundación Luis Tilve
- Deputación Provincial de Ourense

Dentro dos procesos técnicos habituais da biblioteca os esforzos centraronse na actualización da base de datos do fondo *Galicia* e na continuidade do proceso, iniciado meses atrás, de automatización da sección *Folletos*.

Ademáis, incorporouse ó catálogo en liña a posibilidade de consultar o fondo bibliográfico denominado *Fondo Local Provincial*, o tempo que se actualizou a base de datos do fondo *Galicia*.

A Hemeroteca actualiza a súa base de datos e segue aumentando os seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
08 MAIO 2009

Nos meses de febreiro – abril 2009, a Hemeroteca da Deputación de Pontevedra incrementou os seus fondos cos seguintes exemplares:

TÍTULOS XA EXISTENTES NO FONDO

- ACTA CIENTÍFICA COMPOSTELANA. Revista de la Universidad de Santiago de Compostela, nº I (1), II (2-3, 4), III (2), IV (1, 3-4).
- ADAXE. Revista de Estudos e Experiencias Educativas. Escola Universitaria de Maxisterio de Santiago, nº 1.
- ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA, Vol. 3 (II).
- ANALES DE GEOGRAFÍA DE LA UNIVERSIDAD COMPLUTENSE, nº 28 (II).
- ANAQUEL. Boletín de Libros, archivos y bibliotecas de Castilla-La Mancha, nº 43.
- APROIN. Asociación de Promotores Inmobiliarios de Vigo, Pontevedra y demás Municipios, nº 38.
- AREA E MAR. Revista da Federación Provincial de Cofradías de Pontevedra, nº 6.
- ARTE Y PARTE. Revista de Arte, nº 75, 76, 77, 78, 79, 80.
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA, nº 16.
- BOLETÍN AURIENSE. Revista do Museo Arqueológico Provincial de Ourense, nº 36.
- BOLETÍN DE ADMINISTRACIÓN E LINGUA, nº 9, 10, 11, 12.
- CAMELIA. Publicación de la Asociación Española de la Camelia, nº 13.
- CANCIONERO GENERAL, nº 1, 2.
- CERNA. Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente, nº 40, 41, 43, 57.
- CIENCIA RÍAS BAIXAS. Publicación de la Agrupación Astronómica Rías Baixas de Vigo, nº 5.
- COMPOSTELA. Revista de la Archicofradía Glorioso Apóstol Santiago, nº 36-37, 38.
- CONSTRUCCIÓN LUGO, nº 246.
- COOPERACIÓN GALEGA. Revista da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, nº 92.
- CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, nº 18.
- CUADERNOS DE ESTUDIOS GALEGOS, nº 113, 114.
- DELIBROS. Revista del libro, nº 230.
- DEREITO. Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, nº 17 (1).
- DÍXITOS. Novas do Centro de Supercomputación de Galicia, novembro 2007.
- DORNA. Expresión poética galega, nº 32.
- ECO. Revista do Arco Atlántico, nº 177, 184.
- EMPRESA PONTEVEDRA, nº 233.
- ESTRADA, A. Miscelánea histórica e cultural, nº 11.
- ESTUDIOS MIGRATORIOS. Ponencia de Cultura Galega no Exterior, nº 15-16.
- ETNO-FOLK. Revista Galega de Etnomusicología, nº 12.
- FERROVIARIA. Revista de divulgación da cultura ferroviaria en Galicia, nº 12, 13.
- EI EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA. Revista Trimestral Fundada por Camilo José Cela, nº 57.
- GALEGOS, nº 5.
- GALICIA. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, nº 278, 422, 432, 436-437, 444, 575, 587, 636, 637, 641.
- GALICIA EN CLAVE ECONÓMICA, nº 4.
- GRIAL. Revista galega de cultura, nº 180, 181.
- LATEXO, nº 66.

- LUCENSIA. Miscelánea de Cultura e Investigación, nº 2, 15, 35.
- MAREMAGNUM. Publicación galega sobre os trastornos do espectro autista, nº 12.
- MATHESIS. Boletín de divulgación matemática, nº 25, 26.
- MOENIA. Revista lucense de lingüística & literatura, nº 13.
- MUSEO. Revista de la Asociación Profesional de Museólogos de España, nº 13.
- EI MUSEO DE PONTEVEDRA, nº 60.
- MUSEOS.ES. Revista de la Subdirección General de Museos Estatales, nº 3.
- NT GALICIA. Noticiario turístico, nº 121, 122, 123.
- PEREGRINO. Revista del Camino de Santiago, nº 119, 120, 121, 122.
- PESCA INTERNACIONAL. Revista mensual bilingüe del sector pesquero, nº 94.
- RAIGAME. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares, nº 24, 25, 26, 27, 28, 29.
- REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA, nº 17 (2), 17 (3).
- REVISTA GALEGA DE TEATRO, nº 37, 40, 41.
- REVISTA GALEGA DO ENSINO, nº 41, 55.
- REVISTA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS, nº 11.
- RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, nº 7 (II)
- RUTA CICLOTURÍSTICA DEL ROMÁNICO INTERNACIONAL, nº 26, 27.
- SARMIENTO. Anuario Galego de Historia da Educación, nº 12.
- TABOADA, A. Revista das Asociacións Culturais A Cabana (Moraña) e O Meigallo (Cuntis), nº 13.
- TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 141, 142, 143.
- TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico, nº 76.
- TURGALICIA. Revista para descubrir Galicia, nº 13.
- VERBA. Anuario Galego de Filoloxía, nº 35.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- AGÁLIA. Revista Internavional da Associaçom Galega da Língua
- ALMA GALLEGA. Órgano Oficial de la Sociedad Casa de Galicia
- BISCUIT
- GALICIA. Revista del Centro Gallego de Caracas
- GALICIA. Revista do Centro Galego de Montevideo
- GALICIA. Revista Semanal Ilustrada
- MUNDO GALLEGO. Revista de Galicia en América
- +QENERGÍA. La Revista de las Energías Alternativas
- SAUDADE. Verba Galega nas Américas
- SUEVIA. Revista Gallega Regionalista
- LA TABLA REDONDA. Anuario de Estudios Torrentinos
- UNIVERSITARIOS. Revista de la Federación Universitaria Escolar

Os sumarios destas publicacións poden ser consultados a través do catálogo en liña da hemeroteca.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**A Deputación de Pontevedra celebra o
II Certame das Letras Galegas entre a música e a palabra, dedicado
este ano a Ramón Piñeiro**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 MAIO 2009

Este venres 15 de maio ás 20:00 celebrase no Pazo provincial o II Certame das Letras Galegas "Entre a música e a palabra", dedicado este ano ó escritor Ramón Piñeiro. Por segundo ano consecutivo a Deputación de Pontevedra prepara un acto de exaltación da lingua galega cunha festa entre a música e a palabra.

Ramón Piñeiro López nace en Láncara (Lugo) en 1915, morre en Santiago de Compostela en 1990. Intelectual e político español que desenvolveu a súa actividade en Galicia. Trátase dunha das figuras históricas do galeguismo durante o século XX. Foi un dos fundadores e primeiros directores da editorial Galaxia e da revista Grial.

O acto comezará coa actuación do Quinteto *Divertimento*, seguido das lecturas feitas polos alumnos do IES Valle-Inclán de Pontevedra de varios fragmentos e poemas de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro.

Serán un total de tres lecturas feitas polos alumnos do instituto. Comezan co poema de Rosalía de Castro *Campanas de Bastabales*, despois un fragmento do libro *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, e remata coa lectura do poema *Hai unha illa loubada* de Álvaro Cunqueiro. Asemade, entre cada unha das lecturas haberá actuacións musicais e rematará o acto coa peza *Rías Baixas* (tradicional).

A parte musical compone de; música clásica, a cargo do Quinteto *Divertimento*, formado por músicos profesionais que desenvolven o seu traballo no ámbito bandístico e docente; esta agrupación musical interpretará o seguinte repertorio:

- Negra sombra* (Juan Montes)
- Divertimento nº 8* (Mozart)
- Two Joplin Rags* (Scott Joplin)

Por outra banda, a música folk estará representada por Oscar Ibáñez. Gusta definir a súa música como de "raíz atlántica" ou de ida e volta entre Europa e América segundo os fluxos e refluxos da emigración. Músicos procedentes do jazz, clásica e tradicional forman a banda. Interpretarán as seguintes pezas:

- Muiñeira do Marreco* (Tradicional)
- Bicho Carpinteiro* (A. Reale)
- Irish Session* (Tradicional)
- Rías Baixas* (Tradicional)

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponteparedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presenta no Museo Torres o libro *Marín en el tiempo* de Laureano Mayán

Xoves 14 de maio ás 20.00 h no Museo Torres de Marín
(Av. Ourense, nº3)

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 MAIO 2009

Este xoves 14 de maio a Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o libro *Marín en el tiempo*.

O acto, que terá lugar ás 20.00 h no Museo Torres de Marín, estará presidido polo deputado delegado de cultura, José Juan Durán Hermida, o deputado delegado de deportes, José Enrique Sotelo Villar e o autor do libro, Laureano Mayán Taboada.

O libro reflicte a historia de Marín a través das súas xentes, describindo a evolución demográfica e urbanística, os diferentes alcaldes da vila desde 1809 ata o día de hoxe, os escudos en pedra, os bustos, as placas e inscricións, fillos predilectos e adoptivos, os marinenses do ano, a prensa e os corresponsais informativos...

Todos os capítulos van acompañados de imaxes que recollen os cambios da vila de Marín ó longo do tempo, de aí o seu título *Marín en el tiempo*. As imaxes foron cedidas polo propio autor, Laureano Mayán, a Autoridad Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra e Julio Santos.

Remata o libro cun apartado de curiosidades sobre Marín, onde podemos atopar a creación das primeiras gasolineiras, o desembarco dos troles de dous pisos, as imaxes da casa do concello cando aínda estaba xunto ó mar, a construcción do edificio de vivendas para oficiais da Escola Naval chamado A Colmena, ata aparece unha foto da corrida de touros que se celebrou nos anos 50 nunha praza de madeira que se instalou na zona portuaria, a nevada na Alameda na década dos 70...

O libro pertence á colección *Ensaio e investigación* do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, onde se atopan outras publicacións coma *Cortegada, una isla real*, *Enrique Rajoy Leloup. Un protagonista do autonomismo galego*, *História de Cangas*, *El Real Club Náutico. Cien años de historia de Vigo*.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro *Carlos Osorio*

Carlos Osorio. Fotografía. Varios autores.

Pontevedra.-Diputación Provincial. 175 p.; 23 x 23,5 cm; ISBN: 978-84-8457-325-8.

Colección: Arte. Encadernación: Cartoné.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 MAIO 2009

Carlos Osorio Justo, fotógrafo pontevedrés, alma dunha cámara fotográfica que percorre espazos, capta imaxes, retrata almas, alimentando unha paixón e unha curiosidade enorme. Dende Viena ata Nova York, pasando por Caracas e os espazos desérticos de Arizona, sen esquecer a súa Pontevedra, Osorio captou as esencias das paisaxes, rúas e xentes. Actuou como un creador que dá alento ao inanimado e comunicou a súa curiosidade polas cámaras, que converteu nas súas cómplices.

Parte da súa obra podémola contemplar no libro que agora presentamos e que leva por título o nome do artista, "Carlos Osorio".

É esta unha publicación editada pola Editorial da Deputación de Pontevedra a través da cal poderemos afondar no traballo deste xenial fotógrafo. Recóllese nela máis de 100 fotografías así como unha serie de entrevistas realizadas por María Ojea no contorno do artista, concretamente á súa súa viúva, Lola Santalla, ó arquitecto César Portela, ó cineasta Ángel Peláez ou ó pintor Manuel Moldes, entre outros.

Este libro representa, pois, un acto de xustiza cara a Osorio e a súa importante obra, que, a pesar do extenso desta e dos galardóns que recibiu, quedou dalgunha maneira ignorada polo común.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación colabora na actualización do Arquivo Municipal do Rosal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 MAIO 2009

Dende o primeiro proceso en 1991, leváronse a cabo un total de nove actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un novo proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal do Rosal, que viña sendo incorporada e descrita polo funcionario Joaquín Suárez Vicente. Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello do Rosal, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Incorporáronse no último ano un total de 446 unidades de instalación e 57 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.572 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1847 e 2009, e cunha base de datos formada por 14.779 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello do Rosal atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, actualmente en proceso de reforma e ampliación, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra homenaxeó os héroes de Pontesampaio coa publicación dun libro sobre o monumento da Alameda

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 XUÑO 2009

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro luns 8 de xuño de 2009 o libro *O monumento ós heroes de Pontesampaio e o seu contorno*, título pertencente á Colección "Helenes", na que figuran entre outros *Las calles de Pontevedra*, *Historia del Hospital de Pontevedra*, *Pontevedra club de fútbol. Cincuenta alos de historia*, *Sociedad Deportiva Teucro. Cincuenta años de historia*, *A vella moureira...*

O acto, que terá lugar ás 20.00 h. no Salón de plenos da Deputación de Pontevedra, asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal; a deputada delegada de Acción social e vicepresidenta da Deputación, Teresa Pedrosa Silva; o autor do libro, Roberto Taboada Rivadulla; o coautor, Arturo Hermida Samartín e a responsable da sección de publicacións da Deputación, Ana Vicente Rivas.

Cúmprense douscentos anos da batalla de Pontesampaio, onde o exército francés foi derrotado polos veciños da comarca; esta fazaña foi homenaxeada cen anos despois pola cidade de Pontevedra, coa inauguración en 1911 dun monumento esculpido por Julio González Pola, diante da Casa do Concello e presidindo a Alameda. O monumento reproduce ós heroes erguidos en armas trala vitoria de Pontesampaio.

O libro, con encadernación rústica e 157 páxinas, céntrase na homenaxe ós heroes de Pontesampaio a través dunha serie de fotografías e noticias; móstranos a evolución da cidade de Pontevedra, o monumento e o espazo onde se asenta dende hai tantos anos.

Fai un percorrido en imaxes pola historia e o contorno do monumento; dende as ruínas de Santo Domingo, a Alameda, a avenida Montero Ríos, o Concello, a Deputación provincial, rúa Echegaray, cuartel de San Fernando, rúa das Palmeiras, o Goberno civil...

Imaxes cedidas polo Arquivo Histórico da Deputación, o Arquivo Padre Gaite, o Diario de Pontevedra, Camilo Gómez, L. Roisin, Pintos, Tomás, Vidal e Zagala.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra homenaxeó os héroes de Pontesampaio coa publicación dun libro sobre o monumento da Alameda

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 XUÑO 2009

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro luns 8 de xuño de 2009 o libro *O monumento ós heroes de Pontesampaio e o seu contorno*, título pertencente á Colección "Helenes", na que figuran entre outros *Las calles de Pontevedra*, *Historia del Hospital de Pontevedra*, *Pontevedra club de fútbol. Cincuenta alos de historia*, *Sociedad Deportiva Teucro. Cincuenta años de historia*, *A vella moureira...*

O acto, que terá lugar ás 20.00 h. no Salón de plenos da Deputación de Pontevedra, asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal; a deputada delegada de Acción social e vicepresidenta da Deputación, Teresa Pedrosa Silva; o autor do libro, Roberto Taboada Rivadulla; o coautor, Arturo Hermida Samartín e a responsable da sección de publicacións da Deputación, Ana Vicente Rivas.

Cúmprense douscentos anos da batalla de Pontesampaio, onde o exército francés foi derrotado polos veciños da comarca; esta fazaña foi homenaxeada cen anos despois pola cidade de Pontevedra, coa inauguración en 1911 dun monumento esculpido por Julio González Pola, diante da Casa do Concello e presidindo a Alameda. O monumento reproduce ós heroes erguidos en armas trala vitoria de Pontesampaio.

O libro, con encadernación rústica e 157 páxinas, centrarse na homenaxe ós heroes de Pontesampaio a través dunha serie de fotografías e noticias; móstranos a evolución da cidade de Pontevedra, o monumento e o espazo onde se asenta dende hai tantos anos.

Fai un percorrido en imaxes pola historia e o contorno do monumento; dende as ruínas de Santo Domingo, a Alameda, a avenida Montero Ríos, o Concello, a Deputación provincial, rúa Echegaray, cuartel de San Fernando, rúa das Palmeiras, o Goberno civil...

Imaxes cedidas polo Arquivo Histórico da Deputación, o Arquivo Padre Gaite, o Diario de Pontevedra, Camilo Gómez, L. Roisin, Pintos, Tomás, Vidal e Zagala.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O servizo técnico do Patrimonio Documental e Bibliográfico actualiza o Arquivo Municipal de Oia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 XUÑO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Oia, con 194 novas unidades de instalación e 27 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Oia, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a cabo un total de catro actualizáns, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.457 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1830 e 2008; para o seu manexo e consulta dispón dunha completa base de datos formada por 10.238 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Oia atópase instalado en dous locais habilitados na planta baixa da casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Neste mesmo proceso tamén se actualizou a documentación do arquivo do Xulgado de Paz, situado na planta baixo da propia casa do concello.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Arquivo da Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Arbo

Na actualidade conta cun total de 2.059 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 XUÑO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Arbo, con 369 novas unidades de instalación e 46 metros lineais de documentación, correspondente ós tres últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Arbo, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a cabo un total de sete actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.059 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1837 e 2009, e cunha base de datos formada por 11.637 rexistros que permite a pronta localización de calquera expediente conservado.

Nesta ocasión procedeuse ó traslado dunha parte do fondo documental a un local fora da casa do concello, manténdose a documentación máis recente n local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, contemplándose a instalación de parte do mesmo noutro local da planta baixa.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Louzán destaca que o libro *De Lalín a Bos Aires. Benito Blanco, un galego emprendedor* é unha homenaxe ó mundo da emigración galega

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 30 XUÑO 2009

O Pazo Provincial acolleu hoxe a presentación pública do libro "De Lalín a Buenos Aires Benito Blanco un galego emprendedor", que relata as vivencias e a traxectoria de Benito Blanco, un lalinense de Alfonselle, que coma miles de galegos tiveron que deixar a súa terra natal para probar fortuna noutras lares. Neste caso en Arxentina.

O acto estivo presidido polo titular da Deputación, Rafael Louzán, polo protagonista, Benito Blanco, e pola autora, Mariana Vicat quen salientou que "esta publicación é un símbolo da irmandade de ambos pobos". Mariana Vicat recordou unha frase de Gerardo Fernández Albor que di "que hai unha ponte de prata que crearon os emigrados cando foron a Arxentina e esa ponte hai que mantela sa e firme" e neste senso Vicat afirmou que "este libro contribúe a que esa ponte se manteña firme".

Louzán sinalou que o libro "é unha homenaxe á emigración pois, como é sabido, detrais de cada galego hai un labrego, un mariñeiro ou un emigrante". Destacou a fonda relación de Pontevedra con Arxentina e lembrou a distintas personalidades oriundas de Pontevedra que triunfaron ou deixaron a súa vida e unha fonda pegada no Río da Prata, dende Alfonsín a Pedro Cerviño, dende De la Rúa a Casimiro Gómez "e tantos e tantos que fixeron donacións ás súas familias ou filantrópicas ós seus pobos de orixe ou deixaron ben alto o nome de Galicia polo mundo".

A publicación fai un percorrido pola vida de Blanco dende o seu nacemento en Lalín, o 2 de agosto 1931, un escenario clave do relato, onde foi criado no seo dunha típica galega.

Beneficios para Unicef

Esta publicación tomou como punto de partida a testemuña de máis de cincuenta persoas. As más emotivas son as anécdotas familiares. Estas testemuñas foron complementadas por máis de mil fotografías. Segundo informou o propio Benito Blanco "os beneficios das ventas serán destinados á organización Unicef". Benito Blanco quixo tamén dedicarlle este libro ó seu pobo de Lalín e a Arxentina que considera a súa segunda patria.

Como recolle o propio libro, a idea de emigrar non foi premeditada, un día os Blanco Álvarez recibiron unha carta dunha tía instalada en Bos Aires que solicitaba que un dos sobrinos se desprazase ate a capital. Facendo gala da súa personalidade emprendedora e inquieta Benito ofreceuse a facer esta viaxe.

A partires deste momento comezou a traxectoria ascendente de Benito Blanco. Como recolle a biografía, nunca pensou en enriquecerse da noite á mañá. Con 20 anos empregouse de lavacopas pero o seu espírito emprendedor e gran visión para os negocios levárono a converterse nun empresario de éxito.

Fundou a Minera Patagónica S.A que na súa época de maior apoxeo chegou a facturar máis de tres mil toneladas por mes converténdose na principal comercializadora de bentonita de Arxentina.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Rematado un novo proceso de asistencia técnica no Arquivo Municipal de Ceredo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 XUÑO 2009

Continuando co proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia arquivística o Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo no concellos de Ceredo.

No arquivo municipal de Ceredo, dende a primeira actuación en 1986, leváronse a cabo un total seis procesos de actualización, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Nesta última procedeuuse á incorporación de 229 novas unidades de instalación, o que supón uns trinta metros lineais de documentación.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.076 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1858 e 2009, e cunha base de datos formada por 5.816 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Todo o conxunto documental custódiase no local habilitado para arquivo municipal na planta superior da casa do concello.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal do Arquivo da Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Catoira

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.227 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 XULLO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Catoira, con 83 novas unidades de instalación e 11 metros lineais de documentación, correspondente ó último anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Catoira, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.311 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1861 e 2009, e cunha base de datos formada por 10.360 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Catoira atópase instalado, logo do seu recente traslado, nos locais habilitados na ala dereita da segunda planta do edificio "Felipe Aragunde", con varias salas adicadas a depósito da documentación, así como para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Inauguración da exposición "Pontevedra cidade de Postal"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 XULLO 2009

A Deputación de Pontevedra inaugurará o mércores 15 de xullo, ás 20:30 horas, a exposición "Pontevedra cidade de postal", que permanecerá aberta ó público ata o 4 de setembro.

O acto de apertura terá lugar no Arquivo provincial, situado na rúa Padre Amoedo, núm. 1. Asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a deputada delegada de Benestar Social e Muller, María Teresa Pedrosa Silva, e a coordinadora da exposición, Begoña Iribarren Fernández-Rogina.

Esta exposición recolle unha selección de preto de 100 postais antigas da cidade de Pontevedra de principios do século XX, período coñecido como a época dourada da tarxeta postal. Incorpórarse nesta selección a primeira tarxeta ilustrada que reproduce unha vista xeral da cidade, editada pola fototipia de Hauser y Menet, e circulada no ano 1901. Tamén se inclúen vistas estereoscópicas da cidade e unha composición de anáglifos, imaxes en 3D.

Todo o material exposto forma parte do Arquivo Postal, integrado no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, un arquivo iniciado no ano 2003 coa finalidade de reunir, organizar e difundir un fondo postal especializado circunscrito á provincia de Pontevedra. Conta a día de hoxe cunha colección documental duns 5000 rexistros, incorporados por adquisición, doazón ou depósito, un fondo que se atopa ó servizo da cidadanía para a súa consulta e investigación.

Coincidindo con esta exposición a Deputación de Pontevedra edita 500 exemplares numerados dun pequeno álbum que reproduce 9 postais antigas da cidade de Pontevedra.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Crecente

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 XULLO 2009

Continuando co proceso de asistencia técnica permanente á totalidade dos concellos da provincia en materia arquivística, o Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo no concello de Crecente.

Neste arquivo, dende a primeira actuación en 1992, leváronse a cabo un total sete procesos de actualizóns, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Nesta última procedeuse á incorporación de 187 novas unidades de instalación, o que supón cerca de vintecinco metros lineais de documentación.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.376 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1694 e 2008, e cunha base de datos formada por 7.535 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Os fondos documentais consérvanse no espazo existente baixo cuberta, ben comunicado coa primeira planta na que están as dependencias municipais. Na superficie do baixo cuberta distribúronse dúas zonas simétricas, a cada lado da escalinata de acceso, destinándose toda a zona dereita para o arquivo municipal. Resulta un local, distribuído en tres salas intercomunicadas, cunha superficie total superior ós sesenta metros cadrados.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O luns preséntase o libro *Os muíños do Folón e do Picón na vila do Rosal* no auditorio do Concello do Rosal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
17 XULLO 2009

O luns preséntase o libro *Os muíños do Folón e do Picón na vila do Rosal* no auditorio do Concello do Rosal

O luns 20 de xullo, ás 20.30 horas, presentarase no auditorio do concello do Rosal o libro *Os Muíños do Folón e do Picón na vila do Rosal. Conxunto histórico-etnográfico de Galicia*, editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, os autores do libro, Xoán Martínez Tamuxe e Juan Ramón Martínez Barbosa, e mais o alcalde do Rosal, Jesús María Fernández Portela.

Este libro pasa a formar parte da colección "Etnografía, socioloxía, antropoloxía" do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, ó recoller un estudo histórico-etnográfico dos muíños do concello do Rosal, que pretende dar a coñecer, divulgar e defender o patrimonio municipal. Nesta colección podemos atopar outros títulos coma: "Os hórreos da Terra de Caldas de Reis", "Patrimonio rural do Salnés" e "Muíños do concello de Meaño" entre outros.

Os sesenta e sete muíños do Folón e do Picón atópanse na freguesía de Santa Mariña, no concello do Rosal, bisbarra do Baixo Miño, en Pontevedra. Consérvanse 31 muíños no Picón e 36 no Folón. Constitúen un legado que se remonta ós séculos XVII e XVIII, orixinando un complexo histórico-etnográfico-industrial, quizais único en Europa, coa peculiaridade de atoparse en dúas ringleiras a través da fervenza, multiplicándose así a enerxía hidráulica.

Todos os muíños son de pedra, cunha porta e unha ventá; en xeral teñen forma rectangular, unha cuberta dunha soa auga e unha soa roda. Algunxs tiñan un alboio para acoller o transporte animal que chegaba. Só moían tres meses ó ano, os do inverno, porque a auga procedente do Riobó (actualmente Folón) empregábbase nos campos durante o verán.

Estes muíños sufriren varios proxectos de rehabilitación; levouse a cabo a reconstrucción da totalidade do conxunto etnográfico. En canto ós seus mecanismos de funcionamento reconstruíronse tan só algúns e con carácter demostrativo. No 1998 o conxunto foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A editorial da Deputación de Pontevedra presenta o libro *Pontevedra y la invasión francesa de 1809*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
21 XULLO 2009

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro mércores 22 de xullo de 2009 o libro "Pontevedra y la invasión francesa de 1809", título pertencente á Colección "Ensaio e investigación", na que figuran entre outros "Baiona de Miñor en sus documentos", "A realidade da inmigración en Pontevedra", "Recordando los tranvías de Vigo"...

O acto, que terá lugar ás 20.30 h. na sala de exposicións do Arquivo provincial (Padre Amoedo núm. 1), asistirá a deputada delegada de Acción social e vicepresidenta da Deputación, Teresa Pedrosa Silva, o autor do libro, J. Carlos Pascual Vázquez, e a responsable da sección de Publicacións da Deputación, Ana Vicente Rivas.

O libro, con encadernación rústica e 110 páxinas, describe a invasión francesa e a situación de Europa e España a principios do século XIX, cando Napoleón se converte no dono case absoluto do vello continente.

A principios do século XIX Galicia conta cunha poboación moi dispersa repartida en sete provincias: A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Santiago, Ourense, Lugo e Tui. Coa chegada de José Bonaparte ó trono de España modifícase a división provincial que a partir dese momento conta con catro departamentos (Alto Miño, Baixo Miño, Tambre e Sil) e doce subprefecturas.

Esta publicación céntrase na situación vivida en Galicia e en concreto na provincia de Pontevedra durante a invasión do exército francés en 1809, que non proliferou grazas á orografía de Galicia e á unión de forzas da poboación. Destaca a loita nos casos de Pontevedra, Vigo, Tui, Ponte Caldelas e Ponte Sampaio.

Fórmase un exército popular coñecido como a División do Miño, que será a encargada de botar definitivamente os franceses da provincia de Pontevedra; constituído por máis de 10.000 homes, fan retroceder os franceses ata Santiago grazas á axuda do exército anglo-portugués que lles corta a retirada cara o sur. O 20 de maio a división do Miño, despois de reforzarse en Ourense, sae cara a Santiago, o 22 chega a Padrón e o 23 toma Santiago. Despois desta vitoria a división chega ó Tambre onde atopa os franceses baixo o mando de Ney, quen será derrotado en Ponte Sampaio os días 7 e 8 de xuño.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualización do arquivo municipal de Forcarei

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 XULLO 2009

Continuando co proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia arquivística o Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un novo proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo do concello de Forcarei.

Neste caso, esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, que incluíu a clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, iniciado en 1991 e xa desenvolto en seis ocasións.

Nesta ocasión incorporáronse 697 novas unidades de instalación, o que supón uns oitenta e cinco metros lineais de documentación, correspondente os tres últimos anos de xestión administrativa.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.671 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1822 e 2009, e cunha base de datos formada por 14.201 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Esta documentación consérvanse nunha instalación adaptadas para esta finalidade na planta baixa da casa do concello, á carón das oficinas municipais, dotada de estantería compactada y mobiliario para a súa consulta e tratamiento.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación presenta o libro *Xoán Vidal Martínez. Vida e obra da colección Fillos ilustres da provincia de Pontevedra*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
12 AGOSTO 2009

O novo edificio do Arquivo provincial acolleu hoxe a presentación do libro *Xoán Vidal Martínez. Vida e obra da autoría de Aurora y Clementina Vidal Caramés*.

O libro constitúe a última publicación editada polo Servizo Editorial da Deputación dentro da súa colección *Fillos ilustres da provincia de Pontevedra*, onde se unirá a outras ilustres edicións, como *Los otros Valle-Inclán*, de Víctor Viana, *Domingo Fontán no Parlamento*, de Baldomero Cores ou *Julio Camba. Crónica dunha vida*, de Federico De La Peña, entre outros.

A publicación supuxo unha labor exhaustiva de documentación e investigación acerca da figura deste pontevedrés ilustre. Trata da vida de Xoán Vidal Martínez, e da súa andaina literaria dende 1920, cando funda o quincenario *Hebe*, un ano antes de publicar o seu primeiro libro de poemas, titulado *Mágoas*.

En 1922, Vidal Martínez funda a revista e o selo editorial *Alborada*. É durante estes anos cando realiza colaboracións en diferentes periódicos e revistas literarias como Nós, Alfar, Resol, Vida Gallega, Galicia, A Nosa Terra ou Pueblo Gallego.

En 1932 funda Cristal, revista bilingüe na que colaboran grandes figuras das artes e das letras da talla de García Lorca, Castelao, Bouza Brey, Cabanillas e Otero Pedraio.

Un ano despóis cesa a súa actividade literaria para converterse en mestre e pasa varios anos de traslados por escolas de Galicia ata 1946, cando se asenta coa súa esposa na localidade coruñesa de Ares. En 1968 márchase ás illas Canarias, e non regresa a Pontevedra ata 1986.

Vidal Martínez deixou para o recorde a súa imborrable poesía, a su prosa, recensións, artigos e traducións varias. Algunhas das súas publicacións más representativas da súa obra son *Mágoas*, *Evasión*, *Alcor*, *Los senderos inútiles*, *Voz y memoria*, *Poemas galegos* ou *Palabra llana*.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Nova actuación no Arquivo municipal das Neves

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 AGOSTO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal das Neves, con 319 novas unidades de instalación que supoñen 39 metros lineais máis de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello das Neves, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990 leváronse a acabo un total de oito actualizacóns, que foron incorporando a nova documentación producida e ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.376 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1764 e 2009, e con suficientes instrumentos de descripción para o seu manexo e consulta, entre os que destaca unha base de datos formada por 9.966 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello das Neves atópase instalado nun local habilitado no semisoto, con acceso dende a parte posterior da casa do concello, que conta cos equipamentos necesarios para poder dispor a documentación transferida.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Hoxe preséntase no Pazo da Deputación provincial o libro *Pontevedra Monumental* de Rafael Fontoira Surís

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 AGOSTO 2009

O xoves 13 de agosto terá lugar no Salón de plenos da Deputación de Pontevedra a presentación do libro *Pontevedra Monumental*, de Rafael Fontoira Surís, editado polo Servizo de Publicacións. A presentación contará coa asistencia do presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, a deputada delegada de Acción Social, M^a. Teresa Pedrosa Silva, e o autor, Rafael Fontoira Surís.

Este libro pasa a formar parte da colección Helenes, unha serie pertencente á Editorial desta Deputación que agrupa títulos circunscritos a Pontevedra, cidade capital. Engloba esta colección, de feito, obras como "Rúas de Pontevedra", "Historia del hospital de Pontevedra", "O Liceo Casino" e "A vella Moureira", entre outros, todos eles traballos que recollen a vida social, personaxes e institucións pontevedresas más destacadas.

A través da súa lectura descubriremos as súas igrexas e as capelas, os pazos, os edificios urbanos, as pontes e pasais, os petos de ánimas e os cruceiros, as fontes e as calzas, os muíños e os peiraos, os castros, os hórreos.... Permitirános coñecer o patrimonio con valor artístico, histórico, etnográfico e ambiental de Pontevedra.

A obra ilústranos con planos, fotografías e debuxos dende o século XII, cando Pontevedra adquire a categoría de vila (1169), pasando pola Idade Media, o Renacemento e o Barroco ata a época Contemporánea. Varias destas fotografías foron recollidas polo autor en Nova York (na Hispanic Society of America).

O autor amósanos que Pontevedra é Monumental; restos do románico coma as Ruínas de Santo Domingo, as murallas do Burgo e o convento de San Francisco; obras do renacemento Santa María a Maior e San Miguel de Marcón; o barroco presente en toda a provincia, o pazo de Fefiñáns ou a igrexa de San Bartolomeu; e os numerosos exemplos da época contemporánea coma o Liceo Casino, a Praza de touros, o edificio de Correos ou mesmo o Pazo da Deputación.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o Arquivo Municipal de Dozón

Supón a continuidade dun proceso de asistencia técnica en materia de patrimonio documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 SETEMBRO 2009

Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Dozón, con setenta e dúas novas unidades de instalación, que supoñen nove metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a acabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 797 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1849 e 2009 e unha base de datos formada por 4.580 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

O local de arquivo atópase en dous locais anexos na planta baixa da casa do concello.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o Arquivo Municipal de O Grove

Coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental e Bibliográfico

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 SETEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal do Grove instalado na Casa da Cultura, con 783 novas unidades de instalación e 98 metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, polo que se procedeu a clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990, leváronse a cabo un total de oito actualizacóns, que foron incorporando a nova documentación producida é, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 4.337 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1812 e 2009, e cunha base de datos formada por 27.064 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Nesta última actualización habilitouse un novo local na primeira planta da Casa de Cultura, todo vez que o espazo da planta baixa completara a súa capacidade de almacenamento pese a contar con estantería compactada.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Rodeiro actualiza o seu Arquivo Municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 SETEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos dous últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Rodeiro, con cento coarenta e cinco novas unidades de instalación e dezaoito metros lineais de documentación, correspondente a súa xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Rodeiro, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, así como dos do seu xulgado de paz e da cámara agraria local.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a cabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.016 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1850 e 2009, e cunha base de datos formada por 7.854 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Rodeiro instalado no local habilitado na segunda planta da nova edificación anexa á casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualización do inventario do Arquivo Municipal de Sanxenxo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 SETEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Sanxenxo, situado no soto da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nos pasados meses supuxeron a incorporación de 700 novas unidades de instalación e 87 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Sanxenxo, se iniciou en 1988 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1990, 2000, 2001, 2005, 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 9.398 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1863 ata o 2009.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 36.745 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Ponte Caldelas actualiza o seu Arquivo Municipal

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.136 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 SETEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións na recente ampliación da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Ponte Caldelas, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión, ademais da reinstalación da totalidade do arquivo nas novas dependencias, incorporáronse 446 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e seis metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1985, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.136 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1811 e 2009, e cunha base de datos formada por 11.143 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

X XORNADAS DE XENEALOXÍA, HERÁLDICA E NOBILIARIA DE PONTEVEDRA

ANUNCIO
BOLETÍN DE INSCRICIÓN | TRÍPTICO

MARTES 13

■ 17.00 h.- INAUGURACIÓN

Inauguración por parte do presidente da Deputación de Pontevedra e o presidente da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia

■ 17:30 h.- CONFERENCIA

Conferencia de Carlos Acuña Rubio (presidente da AXHNG e vicepresidente da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia)

Título: Legalización de Emblemas Municipales en Galicia.

■ 18:30 h.- LECTURA DE COMUNICACIONES

■ 19:00 h.- CONFERENCIA

José Fernando Navas Ramírez-Cruzado (coronel-director do Museo Militar da Coruña)

Título: Heráldica Militar en Galicia y Evolución del Escudo de España.

MÉRCORES 14

■ 17:00 h.- LECTURA DE COMUNICACIONES

■ 17:30 h.- CONFERENCIA

Alfonso Philippot Abeledo (autor do libro: La Identidad de Cristóbal Colón)

Título: Cristóbal Colón y Pedro Madruga.

■ 18:30 h.- LECTURA DE COMUNICACIONES

■ 19:00 h.- CONFERENCIA

Teresa Torres Legarreta (perito calígrafo e grafopsicológico; Máster en Grafística, Grafopatología e Grafología Forense pola Universidade Autónoma de Barcelona)

Título: Estudio pericial sobre la Identidad Gráfica entre Cristóbal Colón y Pedro Madruga Conde de Camiña.

XOVES 15

■ 17:00 h.- LECTURA DE COMUNICACIONES

■ 17:30 h.- CONFERENCIA

Luis Valero de Bernabé y Martín de Eugenio (director do Colexio Heráldico de España e das Indias, Premio Nacional de Estudios Heráldicos 2004)

Título: Planificación de una Genealogía Familiar

■ 18:30 h.- LECTURA DE COMUNICACIONES

■ 19:00 h.- CONFERENCIA

José Florencio Rodríguez Montero Valladares (licenciado en Filosofía e Letras e experto en Heráldica)

Título: Simbología Geométrica en la Heráldica

■ 20:00 h.- PECHÉ E ENTREGA DE DIPLOMAS por parte do presidente da Deputación.

DURANTE AS X XORNADAS LEERANSE AS SEGUINTES COMUNICACIONES:

Durante o transcurso das Xornadas, os días 13, 14 e 15 de outubro de 2009, procederanse á lectura de comunicaciones co resumo de cada un dos artigos presentados para a súa próxima publicación no Boletín nº 8 de Estudos de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia.

PARA MÁIS INFORMACIÓN DIRÍXASE A:

- Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico
 - Teléfonos de contacto: 986 844 604 - 986 844 363
 - Enderezos electrónicos: www.depo.es / arquivo@depo.es
- Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia
 - Teléfonos de contacto: 986 862 823 - 649 620 324
- Escola de Canteiros de Pontevedra r/Illa do Santo N.º 2 36005 Poio - Pontevedra
 - Enderezo electrónico: info@canteros.com

ORGANIZA:

- Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico
- Deputación de Pontevedra

COLABORAN:

- Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia
- Escola de Canteiros de Pontevedra

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal de Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Caldas de Reis

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.729 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 OUTUBRO 2009

Logo de seis meses de traballo o Servizo Técnico de Patrimonio Documental da Deputación ven de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal logo da mellora das súas instalación e da dotación dos equipamentos necesarios para dispor dun espazo mínimamente axeitado para esta función na parte posterior da planta baixa da casa do Concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental, ó concello de Caldas de Reis, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nela incorporáronse 326 novas unidades de instalación, o que supón cerca de cento cincuenta metros lineais de documentación, moita transferida debido á reforma do edificio.

Dende o primeiro proceso en 1983-1984 leváronse a cabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta este arquivo cun total de 3.729 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1799 e 2009, moita en mal estado de conservación debido a carencia de coidados en moitas fases. Dispón este conxunto documental dunha base de datos formada por 23.751 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo actual dispón, nunha superficie superior ós setenta metros cadrados distribuídos en catro salas, dos equipamentos requeridos para a conservación documental, con estantes metálicos, ficheiro, mesas de tratamiento e consulta, ventilación e iluminación suficiente; melloraranse nun futuro inmediato os sistemas de regulación de temperatura e humidade ambiental que impida o deterioro do seu rico patrimonio documental.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Mondariz actualiza o seu Arquivo Municipal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 OUTUBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mondariz, con 351 novas unidades de instalación e 42 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Mondariz en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a cabo un total de oito actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.806 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2009, e cunha base de datos formada por 13.293 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Mondariz atópase instalado no local habilitado no semisoto da casa do concello contando con equipamentos e instalacións axeitadas para a súa conservación, ampliándose nesta ocasión o número de estantes e dotando ó local dun deshumidificador para regular a humidade ambiental.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O servizo técnico do Patrimonio Documental colabora na actualización do Arquivo da entidade local menor de Bembrive

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
04 NOVEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación rematou o proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos desde as propias oficinas xestoras ó arquivo da entidade local menor de Bembrive, con cento oitenta e oito novas unidades de instalación, que supoñen vinte e tres metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental á entidade local menor, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1996 leváronse a cabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 430 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1945 e 2009, e cunha base de datos formada por 2084 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo da entidade local menor de Pazos de Reis foi organizado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental no ano 1996, levándose a cabo un proceso de actualización, coa incorporación dos últimos anos.

Conta o arquivo cun local específico, cunhas axeitadas condicións de instalación, que inclúen estantería compactada, e cos instrumentos descriptivos necesarios para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O Arquivo da Deputación actualiza o Arquivo Municipal da Illa de Arousa

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
04 NOVEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Illa de Arousa, con 399 novas unidades de instalación e 50 metros lineais de documentación, que corresponde ós tres últimos anos.

O local de arquivo atópase na segunda planta da moderna casa do concello, con espazo e equipamentos axeitados para a súa función.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto deste arquivo municipal, se iniciou en 2004 e se completou nos anos 2007 e 2009.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 1.185 unidades de instalación, con documentación principalmente do século XX, con datas extremas que van de 1933 ata 2009.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficientes para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 4.684 rexistros que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Cambados

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 NOVEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Cambados.

Esta incorporación supuxo 447 novas unidades de instalación e cincuenta e seis metros lineais de documentación, que corresponden á tramitación administrativa dos últimos anos.

A actuación prolongouse nos últimos meses enmarcándose dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que, no caso concreto do arquivo municipal de Cambados, se iniciou en 1987 e se desenvolveu en sucesivas fases de mellora da calidade informativa e de actualización e informatización nos anos 1992, 1998, 1999, 2000, 2004, 2005, 2006, 2008 e 2009.

O resultado é un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 5.283 unidades de instalación, con documentación principalmente dos séculos dezanove e vinte e con datas extremas que van de 1831 ata 2009.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficientes para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 32.758 rexistros, que describen a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Salvaterra de Miño

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.019 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
11 NOVEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal logo da súa instalación nunhas axeitadas instalacións na planta superior da nova casa do concello.

O arquivo actual dispón, nunha superficie de noventa metros cadrados, dos equipamentos requeridos para a conservación documental nas mellores condicións, con estantes metálicos, ficheiro, mesas de tratamiento e consulta, ventilación e iluminación suficiente, e mais sistemas de regulación de temperatura e humidade ambiental.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Salvaterra de Miño, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nela procedeuse á incorporación de 514 novas unidades de instalación, o que supón cerca de cincuenta e catro metros lineais de documentación, moita dela transferida debido ó traslado ó novo edificio.

Dende o primeiro proceso en 1989, levouse a cabo un total de cinco actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.019 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2009, e cunha base de datos formada por 21.387 rexistros, que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación actualiza o arquivo municipal de Meaño

Son xa oito os procesos de asistencia técnica levados a cabo desde 1991

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 NOVEMBRO 2009

Continuando co labor de asistencia técnica permanente ós concellos no que afecta á organización e á conservación da súa documentación o Servizo Técnico de Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación que xeran as oficinas xestoras e transferida ó seu arquivo no concello de Meaño.

Nesta última procedeuse á incorporación de 358 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e tres metros lineais de documentación. Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, iniciado en 1991 e levado a cabo neste arquivo municipal en oito ocasións.

Desenvolveuse este proceso logo da reforma interior da casa do concello que supuso a modificación do espazo dedicado a arquivo, que se mantivo na segunda planta pero mellorou a súa accesibilidade e habitabilidade.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1805 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1846 e 2009, e cunha base de datos formada por 10657 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Moraña actualiza o seu Arquivo municipal coa colaboración do Servizo técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 NOVEMBRO 2009

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación de Pontevedra acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Moraña, que se atopa instalado no local dunha antiga escola unitaria no mesmo casco urbano, contando cun espazo de depósito, sanitarios e zona de tratamiento e consulta dos fondos documentais conservados no Concello. Resulta un local de máis de setenta metros cadrados.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Moraña, iniciado en 1989 e desenvolto nos anos 1991, 2002, 2005, 2007 e 2009, nos que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Supuxo, nesta ocasión, a transferencia de 77 novas unidades de instalación con documentación producida nos últimos anos, que ocuparon algo máis de nove metros lineais de documentación.

Na actualidade conta o arquivo municipal cun total de 1.669 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1837 e 2009.

Neste proceso de actualización foise incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, podendo consultarse a día de hoxe unha base de datos formada por 9.389 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Rafael Louzán inaugura a exposición "Pontevedra na cartografía" organizada polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 30 NOVEMBRO 2009

O luns 30 de novembro ás 20:30 h o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, inaugura a exposición "Pontevedra na Cartografía: fondos Cartoteca provincial Domingo Fontán" no edificio do Arquivo da Deputación, sito na rúa Padre Amoedo nº 1.

A exposición, enmarcada no ámbito xeográfico de Pontevedra, iníciase na Sala dos Cubos; catro cubos retroiluminados, cedidos pola Fundación Galicia Sustentable, nos guían a través da historia da cartografía, desde o século XVI ata o século XX, coa reprodución dalgúns dos máis representativos documentos cartográficos de Galicia. Nesta mesma sala pódese ver unha proxección de fotografías aéreas oblicuas da cidade de Pontevedra desde 1960, e tamén unha serie cronolóxica de fotografías aéreas verticais desde 1956 ata 1989.

Na sala exterior, seis paneis, nove vitrinas, e catro pedestais acollen unha pequena mostra dos documentos cartográficos máis antigos e os instrumentos que forman parte dos fondos da Cartoteca Provincial Domingo Fontán: cartografía antiga, cartografía moderna e contemporánea (mapas, planos, fotografías aéreas, cartas náuticas, ortoimaxes, etc) e diferentes instrumentos utilizados para a realización da cartografía do século XIX e principios do século XX, propiedade do Centro Nacional de Información Geográfica, hoxe en depósito na Casa do Mapa: Teodolito de terceira orde centrado, 1885; Taquímetro, 1900; Brúxula taquimétrica autorredutora, 1910 e Brúxula taquimétrica, 1890; e os relacionados co seu uso, para a súa interpretación: estereoscopio; mesa de luz, etc.

Algunhas das pezas cartográficas son reproducións, xa que, ou teñen un formato demasiado grande para ser expostas ou non se dispón do orixinal e si dunha reproducción en dixital, obtida a través de diferentes convenios con distintas institucións e organismos: Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Militar de Madrid, etc.

A Deputación de Pontevedra sempre estivo moi comprometida coa cartografía, xa en 1880 a "Carta da Provincia de Pontevedra. Plan de Camiños Provinciais ademais das estradas do Estado e ferrocarrís" realizado por Manuel de la Fuente a escala 1:200.000 e publicado en Madrid en 1880; o mapa leva insertos cadros informativos sobre: extensión superficial e poboación; denominación dos camiños provinciais, ferrocarrís e carreteras e carreteras do Estado. (Reproducción do orixinal nun dos paneis).

Neste sentido e seguindo co mesmo compromiso, tivo que pasar máis dun século, no ano 2004, para que se iniciara a creación dunha Cartoteca Provincial, coa finalidade de formar, organizar e difundir un fondo cartográfico especializado no seu ámbito xeográfico: a provincia de Pontevedra, constituindo a primeira Cartoteca de toda Galicia.

Cinco anos despois, o 17 de abril de 2009, inaugurouse a Casa do Mapa, como froito do convenio asinado o 4 de febreiro de 2008 co Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG), para instalar unha sección da Casa do Mapa na Cartoteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

En función disto, a Casa do Mapa é o centro de documentación, información xeográfica e distribución dos servizos xeográficos do CNIG da provincia e de todos aqueles organismos públicos que producen ou editan materiais cartográficos de Galicia en xeral, e da provincia de Pontevedra en particular, hoxe espallados por gran parte da xeografía española, incluíndo a posibilidade de dispoñer de todo o material cartográfico procedente dos distintos organismos editores da Administración Xeral do Estado no propio fondo da Cartoteca para a súa utilización con fins de consulta e investigación, á vez que a posibilidade de adquirilo mediante compra na Casa do Mapa (primeira Casa do Mapa de toda España con este tipo de convenio).

Teresa Pedrosa inaugura a exposición "Pontevedra na cartografía" organizada polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 NOVEMBRO 2009**

O luns 30 de novembro ás 20:30 h a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Teresa Pedrosa, inaugura a exposición "Pontevedra na Cartografía: fondos Cartoteca provincial Domingo Fontán" no edificio do Arquivo da Deputación, sito na rúa Padre Amoedo nº 1.

A exposición, enmarcada no ámbito xeográfico de Pontevedra, iníciase na Sala dos Cubos; catro cubos retroiluminados, cedidos pola Fundación Galicia Sustentable, nos guían a través da historia da cartografía, desde o século XVI ata o século XX, coa reprodución dalgúns dos más representativos documentos cartográficos de Galicia. Nesta mesma sala pódese ver unha proxección de fotografías aéreas oblicias da cidade de Pontevedra desde 1960, e tamén unha serie cronolóxica de fotografías aéreas verticais desde 1956 ata 1989.

Na sala exterior, seis paneis, nove vitrinas, e catro pedestais acollen unha pequena mostra dos documentos cartográficos máis antigos e os instrumentos que forman parte dos fondos da Cartoteca Provincial Domingo Fontán: cartografía antiga, cartografía moderna e contemporánea (mapas, planos, fotografías aéreas, cartas náuticas, ortoimaxes, etc) e diferentes instrumentos utilizados para a realización da cartografía do século XIX e principios do século XX, propiedade do Centro Nacional de Información Geográfica, hoxe en depósito na Casa do Mapa: Teodolito de terceira orde centrado, 1885; Taquímetro, 1900; Brúxula taquimétrica autorredutora, 1910 e Brúxula taquimétrica, 1890; e os relacionados co seu uso, para a súa interpretación: estereoscopio; mesa de luz, etc.

Algunhas das pezas cartográficas son reproducións, xa que, ou teñen un formato demasiado grande para ser expostas ou non se dispón do orixinal e si dunha reproducción en dixital, obtida a través de diferentes convenios con distintas institucións e organismos: Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Militar de Madrid, etc.

A Deputación de Pontevedra sempre estivo moi comprometida coa cartografía, xa en 1880 a "Carta da Provincia de Pontevedra. Plan de Camiños Provinciais ademais das estradas do Estado e ferrocarrís" realizado por Manuel de la Fuente a escala 1:200.000 e publicado en Madrid en 1880; o mapa leva insertos cadros informativos sobre: extensión superficial e poboación; denominación dos camiños provinciais, ferrocarrís e carreteras do Estado. (Reproducción do orixinal nun dos paneis).

Neste sentido e seguindo co mesmo compromiso, tivo que pasar máis dun século, no ano 2004, para que se iniciara a creación dunha Cartoteca Provincial, coa finalidade de formar, organizar e difundir un fondo cartográfico especializado no seu ámbito xeográfico: a provincia de Pontevedra, constituíndo a primeira Cartoteca de toda Galicia.

Cinco anos despois, o 17 de abril de 2009, inaugurouse a Casa do Mapa, como froito do convenio asinado o 4 de febreiro de 2008 co Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG), para instalar unha sección da Casa do Mapa na Cartoteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

En función disto, a Casa do Mapa é o centro de documentación, información xeográfica e distribución dos servizos xeográficos do CNIG da provincia e de todos aqueles organismos públicos que producen ou editan materiais cartográficos de Galicia en xeral, e da provincia de Pontevedra en particular, hoxe espallados por gran parte da xeografía española, incluíndo a posibilidade de dispoñer de todo o material cartográfico procedente dos distintos organismos editores da Administración Xeral do Estado no propio fondo da Cartoteca para a súa utilización con fins de consulta e investigación, á vez que a posibilidade de adquirilo mediante compra na Casa do Mapa (primeira Casa do Mapa de toda España con este tipo de convenio).

Actuacións nos arquivos municipais no ano 2009

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 14 DECEMBRO 2009

Ó longo do ano 2009 a Deputación Provincial a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico continuou a desenvolver procesos de asistencia técnica e reincorporación documental nos arquivos municipais da provincia, actuando directamente nun total de 28 arquivos correspondentes ós concellos de Catoira, A Cañiza, Tomiño, Lalín, Salceda de Caselas, Poio, Vila de Cruces, O Rosal, Oia, Covelo, Arbo, Ceredo, Crecente, Forcarei, O Grove, Caldas de Reis, As Neves, Ponte Caldelas, A Guarda, Sanxenxo, Rodeiro, Dozón, Mondariz, A Illa de Arousa, Meaño, Cambados, Salvaterra de Miño e Moraña.

Ademáis colaborouse en procesos de revisión e actualización en nove arquivos en procesos de colaboración co persoal propio do concello: Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Moaña, Vilaboa, Redondela, Nigrán, Ponteareas e Fornelos de Montes.

Así mesmo actualizouse a documentación dos arquivos dos Xulgados de Paz de Catoira e Moraña e a da Entidade Local Menor de Bembrive.

O conxunto destas actuacións nos arquivos municipais e a información resultante destes procesos ofrécenos clarificadores datos estatísticos sobre a propia documentación e sobre a información para acceder a eles.

No referente á documentación conservada e instalada nos propios arquivos pódense extraer os seguintes datos:

- Os arquivos municipais da provincia (agás Pontevedra, Vigo, Marín e Cangas) contan cun total de 172.071 unidades de instalación.

- A incorporación de unidades de instalación constatada, logo das transferencias realizadas no ano 2007 foi de 13.505 e no ano 2008 foi de 7.363; no ano 2009 o Servizo de Patrimonio Documental colaborou no proceso de incorporación de 13.349.

- Unha análise dos datos dende o ano 2003 ofrece unha media de 2.916 unidades de instalación nos arquivos municipais da provincia de Pontevedra.

Polo que se refire á información e ás bases de datos resultantes que permiten acceder ós cadros de clasificación, inventario somero e inventario detallado de cada un destes arquivos podense achegar os seguintes datos:

- A base de datos xenérica dos inventarios detallados dos arquivos municipais da provincia dispón de 997.971 rexistros que describe a maior parte dos expedientes, documentos ou conxuntos de documentos conservados nos distintos arquivos coa pertinente información para permitir a súa localización e uso.

No ano 2008 incorporáronse 71.599 novos rexistros e en 2009 foron 68.909, resultado dos procesos de reincorporacións documentais e da descripción da documentación instalada. A media resultante dos rexistros elaborados en cada arquivo municipal é de 16.872.

A base de datos xenérica dos inventarios someros dos arquivos municipais da provincia dispón de 199.263 rexistros que describen as series de cada unidad de instalación coa información das datas extremas ordenadas pola sinatura.

Os xulgados de Paz dispoñen dunha base de datos con 36.606 rexistros que describe a documentación a nivel de serie ou grupos de documentos, cunha media por arquivo xudicial de 813 rexistros. O conxunto dos arquivos dos xulgados inventariados e descritos, todos agás Silleda, Mos e Sanxenxo, contan con 4.913 unidades de instalación, resultando una media por arquivo de 110 unidades, todo iso sen ter en conta os libros do Rrexistro Civil que se conservan nas propias oficinas polo seu uso cotián.

Procesos de asistencia técnica no arquivos municipais da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 14 DECEMBRO 2009

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, ven desenvolvendo nos últimos anos un proceso continuado de asistencia técnica ós concellos coa finalidade de manter organizados e activos os arquivos municipais que se organizaran dentro do Plan de Organización de Arquivos Municipais, iniciado no ano 1981.

Todos os arquivos municipais da provincia foron organizados na súa totalidade, agás Marín que só recibiu unha actuación parcial, con procesos técnicos desenvoltos nas instalacións dos propios concellos; quedaron dende sempre fóra deste proceso os concellos de Pontevedra e Vigo e téntase que os concellos de maior tamaño asuman, con persoal propio debidamente capacitado, as funcións propias do arquivo municipal dentro da administración local.

As actuacións desenvoltas detállanse da seguinte forma:

- 10 veces en 4 concellos (6,5%): Cambados, Cuntis, O Rosal e Vilagarcía de Arousa.
- 9 veces en 5 concellos (8%): Catoira, Poio, Tui, Vilaboa e Vilanova de Arousa.
- 8 veces en 15 concellos (24,5%): Baiona, A Estrada, Fornelos de Montes, O Grove, A Guarda, A Lama, Meis, Mondariz, As Neves, Ponte Caldelas, Pontecesures, Ribadumia, Sanxenxo, Tomiño e Vila de Cruces.
- 7 veces en 9 concellos (15,5%): Caldas de Reis, Cotobade, Crecente, Meaño, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, Redondela e Salceda de Caselas.
- 6 veces e 14 concellos (23%): Arbo, Barro, Bueu, Cerdedo, Covelo, Dozón, Forcarei, Lalín, Moraña, Pazos de Borbén, Ponteareas, Rodeiro, Soutomaior e Valga.
- 5 veces en 5 concellos (8%): Agolada, Campo Lameiro, Moaña, Pontecesures e Salvaterra de Miño.
- 4 veces en 4 concellos (6,5%): A Cañiza, Oia, Portas e Silleda.
- Menos de catro actuación en 5 concellos (8%): Marín, Cangas, Gondomar, A Illa de Arousa e O Porriño.

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O arquivo xa dispuxo este ano de modernas instalacións para a consulta dos seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 DECEMBRO 2009

O Arquivo da Deputación dispón nas súas instalacións da rúa Padre Amoedo de dependencias específicas para consultar os seus fondos, dotadas de medios técnicos, nunhas luminosas e espazosas salas con doce postos de lectura, nas que se pode acceder tanto ós fondos documentais coma ós audiovisuais ou cartográficos. A Biblioteca, pola súa parte, dispón dunha planta completa con máis de trinta postos de lectura.

No ano 2009 usaron este servizo en sala 90 persoas, que consultaron a documentación producida ó longo dos anos polo propia institución, así como aquela que se conserva neste centro documental por legado, compra ou doazón. Destacándoo pola súa demanda os fondos da familia Caamaño, os do Hospicio e da Inclusa ou os que se conservan do Colexio de Arquitectos de Galicia.

Tamén se resolvieron, por parte do persoal do Arquivo consultas externas realizadas por e-mail, teléfono ou correspondencia, alcanzando o número de trinta e cinco. Como resultado do manexo documental solicitáronse no 2009 un total de 12 certificacións documentais e un elevado número non contabilizado de reproducións e compulsas.

En todo caso, o grosor da demanda de acceso á documentación deriva dos propios servizos da Deputación, xeradores dos documentos que os reclaman para diversos trámites e información, dispondo do servizo de préstamo. Foron no 2009 un total de 485 consultas, 395 realizáronas no propio arquivo persoal das distintas oficinas da institución, e 90 os préstamos de documentación levados a cabo.

Entre os traballos realizados no proceso organizativo destaca a incorporación de dous novos fondos especiais de singular interese: por un lado o Fondo Augusto Bárcena Saracho, con 31 unidades de instalación, con documentación persoal, familiar e sobre todo musical deste insigne músico galego recentemente falecido; e, por outro lado, o fondo documental denominado " Marqueses de Leis", en fase de descripción, que contén documentación relacionada co pazo existente no seu día en Campolongo e da familia dos Marqueses Leis, con documentación familiar, xenealóxica e patrimonial.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, no relacionado co patrimonio documental, participou ó longo do 200 en distintas actividades relacionadas coa súa actividade, especialmente no desenvolvemento, celebración de visitas guiadas, na "Exposición de planos no Congreso de Infraestructuras. Museo, xuño 2009" e na "Exposición de planos na Exposición da Cartoteca, decembro 2009"

Copyright © 2002-2009, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

No remate do 2009 o arquivo da Deputación conta con 31.510 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 DECEMBRO 2009

Ó longo do ano 2009 o Arquivo da Deputación desenvolveu a súa actividade xa no reformado edificio de Padre Amoedo,¹ rematouse o proceso de instalación da totalidade dos fondos conservados, postos a disposición da Administración, cidadáns e investigadores na súa totalidade.

Neste pasado ano foron transferidas un total de 1 594 novas unidades de instalación, que supoñen algo máis de 193 metros lineais, resultado da actividade dos diferentes servizos desta Deputación Provincial que xa foron organizados, descritos e instalados no Arquivo da Deputación. En concreto, estas transferencias, individualizadas, distribúense do seguinte xeito:

Secretaría Xeral 28
Presidencia 26
Cooperación 123
Acción Social 113
Recursos Humanos 235
Infraestruturas 252
Intervención 491
Servizo Agrario 7
Cultura 82
Patrimonio Documental 5
Asesoría Xurídica 2
Contratación 83
Rendas 66
Tesourería 3

Á transferencia regulada dos devantidos fondos seguiulle do oportuno tratamento documental de organización, descripción e instalación nos depósitos. Como resultado da elaboración dos instrumentos de descripción, incrementáronse os rexistros das diferentes bases de datos. A que contén o cadre de clasificación ten 303 rexistros; o inventario somero dispón de 34 485 rexistros e a base de datos principal, con información do inventario detallado conta con 139 691 rexistros, dos que 6 126 foron incorporados no pasado ano.

Este traballo permite localizar a totalidade dos expedientes conservados nos depósitos para a súa consulta e uso, tanto por parte dos cidadáns coma da propia administración, de acordo coas limitacións legais establecidas.

Recentemente foron transferidos, áinda pendentes do seu proceso organizativo definitivo, un conxunto de documentación que acada un total de 78 unidades de instalación provisionais, procedente do Servizo de Deportes, de Registro e da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, todos eles depositados nas dependencias que o arquivo conserva no Pazo provincial para a recepción e primeiro tratamento técnico.